


1984 **40** 2024
ANOS

A PENEIRA

40
anos
PENEIRANDO



MARZO
1984

MARZO
2024



CARREIRO

Cando tiñamos 40 anos menos

Por **Guillermo Rodríguez**

As celebracións sempre son motivos de alegría. Para os nenos e nenas pode ser cando lle saen os primeiros dentes; xa mais crecidos cando se compren os 18 anos de idade porque parece ser que a esa idade xa se nos permite tomar decisións pola nosa conta, por exemplo votar nunhas eleccións, aínda que non sempre teñamos claro o mellor destino do noso voto.

Xa no eido dos maiores podemos falar da celebración da nosa voda (para os casados, obviamente) ou de cando rematamos a carreira e nos “introducimos” no eido laboral. Sempre pode ser motivo de alegría.

No caso que nos ocupa celebrar 40 anos ten unha serie de connotacións que sería engorroso expoñelas aquí porque se supón que estamos de celebración “gloriosa” e non procede que afloremos cousas ou casos que puideran empanar esta data tan significativa, porque tamén se pasaron malos tragos que convén deixar atrás aínda que sexan difíciles de esquecer.

Para un xornal galego, en galego, que viu a primeira luz aló polo ano 1984, cumprir os seus primeiros 40 anos pode ser considerado todo un record. Un record de resistencia e un record de afirmación dentro do eido xornalístico. Este tipo de xornais que superan esta idade entran de cheo no “panteón de ilustres” medios que desafiaron os tempos. Se botamos man aos datos históricos os medidos que acadaron esta idade podemos contalos cos dedos das mans. En Ponteareas temos o exemplo do xornal EL TEA que tan ben nos describe Roberto Mera na súa colaboración.

Pero apartémonos destas cousas temporais e centrémonos no cerne do feito informativo. Estar ao pé do canón durante 40 anos no caldo de cultivo que se ofrece en Galicia aos xornais ceibes de controis políticos resulta, cando menos, pouco habitual, infrecuente. Non faltan os condeñadores que van anunciando a súa morte



Guillermo rodeado de Peneiras no local do Paseo Matutino

de súpeto un día si e outro tamén.

Xa temos escrito máis dunha vez que o mérito que poida haber neste feito dos 40 anos pertence a moita xente. Estamos diante dun traballo colectivo aínda que ben é certo que nestes casos alguén ten que levan o temoeiro.

Sen a colaboración desinteresada dun fato de homes e mulleres que sen esperar a nada cambio nos agasallaron cos seus traballos, cos seus cartos en moitas ocasións e sempre cos seus ánimos, non sería posible chegar ata aquí.

Pero deixémonos de falar da parte máis gris desta aventura e vaíamos ao que supuxo como ferramenta informativa.

Todos sabemos que un xornal pode ser amable, condescendente ou pode ser molesto, contestatario, non manexable. Cando unha destas criaturas sae do claustro materno e se lanza a contar cou-

sas non faltan os que senten unha especial curiosidade; sobre todo aqueles que teñen certas cotas de poder e sempre están coa orella detrás da porta por se os seus intereses, non sempre respectables, se ven afectados. Falamos, obviamente, dos políticos e dos empresarios con poder, que habelos hainos. E se un xornal nace apadriñado por un grupo de homes e mulleres que se presentan como independentes de calquera opción política, a desconfianza está servida. Iso pasou co nacemento de A PENEIRA no ano 1984. Ponteareas durmía nunha calma chicha no eido informativo e, de pronto, sen que ninguén se decatara, un crío informativo bota a correr polas rúas da vila e polo seu contorno.

Inmediatamente, como antes indicamos, os poderes públicos sacaron as súas escopetas dispostos a bater esta peza in-

controlada que non estaba no campo de tiro habitual. Non se podía permitir que este tipo de “caza” camiñara solta sen poder controlala. E así se fixo.

De entrada, darlle recoñecemento aos poucos anunciantes que prestaron as súas humildes roupas para que a criatura non se arrefriara ao saír a un mundo descoñecido e un tanto agresivo cara a este tipo de seres vivos acabados de nacer. Coidado con apoiar estas cousas que “deben ser” ilegais; podeades rematar nos xulgado. Estas eran as recomendacións que lles trasladaban por medio das forzas de orde público (léase gardas municipais). Obviamente estes estúpidos consellos non fixeron mella nos primeiros “pais e nais” da criatura que seguiron ofrecéndolle roupa cada vez máis resistente cara as tempestades que aínda estaban por chegar. E chegarían, obviamente.

40 ANOS
A PENEIRA

Director:

Guillermo Rodríguez Fdez. T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección:

Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita:

Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime:

Publicaciones Tameiga S.L.
Depósito legal: VG-14/2017

Publicidade:

Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Deseño e maquetación:
Susí Rodríguez e Xangui.

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Picho Suárez (Salvterra) - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - Santi Veloso - Xabier Prado - X. Glez. Mtnéz. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susí Rodríguez - Jesús Témez Fernández - Isidoro Gracia - Rafael José Adalid - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Manuel Estévez - **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo - **CANARIAS:** Fco. Puñal

Humor: Tokio, Martirena (Cuba) - Pepe Carreiro - X. Marín - Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) - Ignacio Hortas - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex - Xosé Lois (Carrabouxo) - Xaquín Marín - Ortifus (España) - Omar Pérez (Galicia) - Mauricio Parra (Colombia) - Cébula (Polonia) - J.Bosco e Fernández (Brasil) - Marlene - Pohle (Arxentina) - Guy Badaeux (Canadá).

Fotografía: Hernández e departamento propio





Ben é certo que diante do descaro do crío que desafiaba cada mes, nun principio, logo sería cada 15 días, aos chamados poderes públicos non lles quedaba outra que enfundar as armas e habituarse a soportar as críticas que pouco a pouco ían formar parte do ADN desta peza informativa. A PENEIRA fixera unha declaración de intencións cando veu ao mundo e de aí non se apearía ata o día de hoxe: rigorosa coa verdade, independente de todo intento de control e respectuosa coas formas. O cortés non quita para ser valente, di o refrán popular. E así se fixo e se segue facendo logo destes primeiros 40 anos. Cando cumprimos os primeiros 25 anos sacamos á rúa unha publicación que se titulaba “A PENEIRA a hoxe”, máis adiante cando chegamos aos 500 números editados publicamos un novo libro que se chamou “Cinco centos”. Tanto nun coma noutro contamos coa xenerosa participación dunha selecta presa de escritores que nos agasallaron cos seus traballos dunha grande valía intelectual. Hoxe teño que redén tributo de admiración e respecto por aqueles que xa non están con

nós: Francisco Fdez. del Riego, Eliseo Alonso, Avelino Pousa Antelo, Forxán (humorista), Dr. Rodríguez Míguez, Feliciano Trigo (un de Caleiro), Xoán Rodríguez Puentes, Darío Xoán Cabana, Filgueira Valverde, Francisco Carballo, Gustavo Docampo, Xela Arias e outros mais que nestes momentos non consigo lembrar, e que coas súas aportacións fixeron que as nosas publicacións acadaran un alto valor literario e xornalístico. Tampouco quero esquecerme de todos os humoristas galegos e non galegos (había traballos de autores portugueses, brasileiros, cubanos, turcos e por suposto españois e galegos). Algúns deles están presentes tamén neste Suplemento dos 40 anos de A PENEIRA que aquí presentamos. Isto quere dicir, con toda rotundidade, que o de A PENEIRA non é un milagre meu como moitos con cariño afirman nos seus escritos; é froito de centos de persoas que ao longo e ancho de todos estes anos quixeron aportar a súa sempre desinteresada colaboración para que un xornal como A PENEIRA puidera chegar a estes días aínda sufrindo amputacións nominais

e recortes de ingresos que lle teñen afectado seriamente. O camiño foi longo, ás veces cheo de atrancos de todo tipo pero sen chegar ao colapso. Pero todas as obras teñen un principio e un fin, un alfa e un omega. As follas do calendario da vida caen sen piedade e os folgos van afrouxando. É lei de vida; que outros que veñen detrás, con maior formación xornalística ca miña, agarren con forza o mastro da bandeira da liberdade e de rigorosidade informativa; que non deixen morrer esta planta que tivo que nacer con fórceps pero que unha vez fora do claustro materno foi quen de chegar a estes 40 anos sa e con ganas de pelexa. Terán todo o meu apoio e colaboración. Dende aquí, repito o meu agradecemento máis profundo aos que están presentes neste Suplemento e a todos os que estiveron en todas aquelas publicacións e números extras que fomos sacando á rúa ao longo destes 40 anos. A todos a miña consideración máis distinguida e sentida.

Grazas.



Guillermo Rodríguez en 1995



Saúda de Nava Castro, alcaldesa de Pontearreas



É unha honra para min participar no 40 aniversario de "A Peneira" como alcaldesa de Pontearreas, a vila que en moitas das ocasións protagoniza as novas do xornal. Neste aniversario, gustárame trasladar as miñas felicitacións aos profesionais que elaboran as súas páxinas co compromiso e traballo que lles caracteriza.

Non é doado subsistir nun contexto mediático como o actual e, así todo, o xornal continúa sendo parte da vida dos veciños e das veciñas que, a través das súa páxinas, poden informarse sobre o que acontece no seu municipio e nos da súa contorna.

Neste sentido, o labor de "A Peneira" vai máis alá de ofrecer información posto que tamén se encarga de poñer o foco nas cuestións que resultan fundamentais para o conxunto da veciñanza, unha tarefa que os seus profesionais desenvolven desde hai 4 décadas. Foron moitas as noticias que o xornal ofreceu aos seus lectores e lectoras desde que saíu o seu primeiro número no ano 1984 e, desde o Concello de Pontearreas, desexamos que continúen realizando seu labor fundamental de informar sobre o día a día das nosas vilas e comarcas. Parabéns!

Saúda de Luis López Diéguez, presidente da Deputación de Pontevedra

Moitos puntos en común teñen institucións como a Deputación de Pontevedra e publicacións como A Peneira. Unha delas é a proximidade, estar a pé de rúa e coñecer cales son as necesidades e preocupacións da cidadanía. E nesa vocación municipalista, de ser a primeira liña de resposta aos problemas da nosa veciñanza que temos nesta Deputación, contar coa paixón coa que esta cabeceira comunica os feitos que ocorren no sur da nosa provincia e máis alá desa raia que compartimos cos nosos veciños portugueses é unha valiosa fonde de información e coñecemento

Nesta primeira ocasión que teño a oportunidade de dirixirme aos lectores deste medio, quero destacar outra calidade que compartimos. Como a Deputación de Pontevedra, A Peneira tamén tende pontes. Faino conectando á cidadanía dos concellos do sur da nosa provincia con información relevante da súa contorna, faino dando voz e visibilidade ás persoas e colectivos que fan cada día máis provincia que vai a máis e faino difuminando unha raia que, grazas ao labor destes profesionais, é máis sinónimo de cooperación entre veciños que de fronteira entre países. Non me queda máis que agradecer o tra-



ballo de todas as persoas que dan forma cada día a este xornal e aportan o seu gran de area para construír una provincia que vai a máis.

Saúda de Abel Caballero, alcalde de Vigo

40 anos de xornalismo, 40 anos de compromiso, 40 anos de historia! A traxectoria da Peneira ao longo destas catro décadas é o mellor exemplo de como o labor xornalístico é testemuña e reflexo da historia dun territorio e dela dedúcese a relevancia de contar con medios de comunicación que poidan exercer libremente este traballo.

É unha honra para min poder participar nesta publicación especial coa que se celebran os corenta anos de historia dun referente da información nacido na benquerida comarca do Condado-Paradanta. Corenta anos exercendo como notarios da realidade achegando de xeito comprometido unha visión crítica da realidade e amosando número tras número un destacado compromiso co idioma e coa súa normalización en tódolos ámbitos.

Cada unha das páxinas de "A Peneira", cada reportaxe, cada un dos artigos e editoriais nacen do traballo arduo dun equipo comprometido co seu labor. Por iso, nesta celebración quero recoñecer a dedicación firme da dirección, dos xornalistas e dos colaboradores que contribuíron co seu esforzo a facer deste xornal un pilar no panorama xornalístico galego, unha voz respectada e hoxe indispensable para entender a nosa realidade.

Quero trasladar o meu máis sincero agradecemento e as miñas felicitacións á Peneira polos seus corenta anos de servizo á cidadanía. Moitos parabéns e moitos azos para outros 40 anos máis!



“A Peneira” e Guillermo Rodríguez, “El Tea” e Amado Garra: vidas e traxectorias exemplares da nosa Historia

Por Roberto Mera *

“No es una bagatela que un semanario celebre sus Bodas de Plata”

“El Tea” 1933.09.24

Estas palabras de Amado Garra (Ponteareas 1873-1948), fundador e director do xornal republicano-agrarista e ponteareán “El Tea” (1908-1936) son, sen dúbida, a mellor referencia histórica



da que podemos botar man para celebrar en 2024 o corenta aniversario do xornal A Peneira. Porque efectivamente, se en 1933 non era unha bagatela que un xornal decenario cumprise 25 anos de existencia, hoxe tampouco o é que A Peneira acade os 40 anos converténdose deste xeito no xornal de máis longa vida na historia de Ponteareas, superando o record que ostentaba o xornal de Amado Garra.

“El Tea” acadou case 28 anos de existencia e non puido continuar a súa exitosa traxectoria como consecuencia dun golpe de Estado que o 18 de xullo de 1936 aniquilou a democracia e os dereitos e liberdades. Tivemos que agardar corenta e catro anos de silencio, de longa noite de pedra, para que, tras a morte do ditador, A Peneira, en 1984, collese o re-

levo e resucitase o xornalismo democrático e galego como instrumento e ferramenta de cambio social e político.

A historia voltaba así a repetirse. Se en 1908 Garra e os republicano-agraristas, con grande esforzo e empeño, poñían en marcha un proxecto xornalístico cunha finalidade indisimulada de contribuir a mudar a sociedade e liberala das décadas de abafante dominio dunha oligarquía caciquil e antidemocrática como era o bugallalismo, A Peneira, impulsada polo seu incombustíbel e incansábel fundador e director Guillermo Rodríguez, naceu coa intención de contribuir a liberar á sociedade ponteareán e do resto do Condado, do asfixiante control dunha nova oligarquía caciquil e fascistoide, resultado de 40 anos de ditadura, que se manifestaba no castriño ponteareán e nos dirixentes conservadores locais do resto da comarca.

“El Tea” constituyó mi constante afán y me proporcionó muchos sinsabores y sacrificios. Mucho tendría que decir si hablara de sus vicisitudes, durante mi dirección y la de los que me siguieron. Menudearon las persecuciones y los procesos. Si fuera a recordaros unas y otros, haría la historia del calvario recorrido de cual fueron testigos algunos de los que aquí me escuchan otros murieron, otros se pasaron al enemigo, no pocos...”

As verbas de Garra na homenaxe tributada en 1933 en Ponteareas polo 25 aniversario de “El Tea” a ben seguro poderían ser pronunciadas polo “Garra” dos nosos tempos, Guillermo Rodríguez, porque efectivamente, sinsabores e sacrificios sobraron ao longo destes corenta anos e non faltaron persecucións e mesmo

procesos xudiciais vencellados ao papel de A Peneira como altofalante sociopolítico.

Se “El Tea” de Garra, ademais de contribuir a aquela loita pola democracia e ao avance da sociedade, foi un legado sen parangón para coñecer a historia local de Ponteareas e a vida social, política e cultural da nosa localidade durante 28 anos trascendentais da nosa historia, “A Peneira” tomou, con responsabilidade e éxito, o relevo daquela cultura xornalística e a historia de Ponteareas dos últimos corenta anos ficou para sempre recollida nos seus milleiros de páxinas.

“El Tea” foi máis ca un xornal. Era un instrumento de información, formación e axitación ao servizo dun movemento sociopolítico. “A Peneira”, tamén nun intre político complexo e convulso, como foron os anos 80 e os comezos dos 90, non dubidou en estar ao servizo doutro movemento sociopolítico. Dende comezos do século XX e até 1936 o cambio sociopolítico de Ponteareas foi impulsado e protagonizado polo agrarismo e o republicanismo até o punto de acadar o poder local na II República, co apoio, xusto é dicilo, do socialismo. Dende o fin da ditadura de Franco e até a actualidade o cambio sociopolítico de Ponteareas foi impulsado e protagonizado polo ecoloxismo e o nacionalismo galego, até o punto de acadar o poder no ano 2015 e exercelo durante oito anos, de novo co apoio do socialismo. Nos dous casos foi unha loita de David contra Goliat. Do agrarismo ao ecoloxismo e do republicanismo ao nacionalismo, a historia repetíuse. E se Garra e o seu xornal deron ao agrarismo e republicanismo voz, a través da súa liña editorial e das súas informacións, e apoio loxístico, a través das súas instalacións e rotativa, o ecoloxismo e o nacionalismo teñen contraída, polo mesmo motivo, unha impagábel débeda con “A Peneira”.

Como fundador e primeiro presidente do Grupo Ecoloxista Adenco (1990-1995) e como primeiro voceiro do BNG en Ponteareas (1995-2009) eu podo dar fe e certificarlo coa conciencia agridoce de que esa débeda non foi saldada, malia ter a oportunidade, polos novos e vergonzantes “politiquillos” vacuos e mediocre que, pisando moqueta de forma casual e oportunista, e dende a ignorancia e o indolente desprezo por ese pasado ao que tanto se lle debe, fixeron da soberbia e o desagrado a súa forma de gobernar en nome do nacionalismo local -con lamentábeis resultados para Ponteareas- e da miserábel ingratidade

e o agravo comparativo a súa relación con quen merecería ser homenaxeado e colocado nun pedestal de honra na historia do galeguismo e nacionalismo ponteareán: “A Peneira” e Guillermo Rodríguez. Tamén Garra o viviu nas súas propias carnes: *“Soy hombre netamente político, con pasión política, pero con un defecto muy grande siempre por mi reconocido, el defecto de hacer política sincera y honrada que no produce beneficios, pero que sirve para que sobre las espaldas de uno se eleven y triunfen los aprovechados arrivistas”*. De novo a historia se repite, pero afortunadamente Garra pasou á Historia, con maiúscula, e daqueles aproveitados que finaron sen pena nin gloria xa ningún se lembra.

Diciu Amado Garra sobre “El Tea” en 1933: *“Brindemos porque celebre las bodas de oro. Los hijos o los nietos de los aquí presentes, que vamos para viejos, que nos recuerden con cariño y enaltezcan nuestra memoria; si el periódico ha producido beneficios al país, si las ideas que hemos sembrado*

han fructificado que vivan en el recuerdo de los que nos sucedan y que nos hagan justicia aunque nos superen; cuando enlacen el acto de hoy con el que celebren en 1958 espero que me digan “cumplió siempre con su deber”. “A Peneira”, ao igual que “El Tea”, produciu beneficios ao país e as ideas que sementou froitificaron, e moitos sentímonos resultado desa sementeira. Agora só falta que, ademais de brindar polas vodas de ouro de 2034, “A Peneira” e Guillermo Rodríguez sexan tratados e, no seu día, recordados con agarimo e a súa memoria enaltecida.

“A Peneira” e Guillermo Rodríguez son tamén froito do que Ga-



Portada do número 0 de A PENEIRA

rra e “El Tea” sementaron no seu día. “A Peneira” e o seu director fixeron a xustiza que Garra arelaba en 1933 e hoxe, cando enlazamos o acto daquel ano co aniversario que celebramos hoxe, e non en 1958 por infaustas razóns, podemos dicir que, ao igual que Amado Garra e “El Tea”, Guillermo Rodríguez e “A Peneira” cumpriron co seu deber.

Parabéns Guillermo polo exemplo de compromiso e perserverancia que es e segues sendo, digno do exemplo do gran Amado Garra.

* Avogado, escritor e politólogo

1984

Por Carlos Meixome

Dime Guillermo que “A Peneira” cumpre catro décadas. En fin..., ademais de lembrarme do tempo que foxe, acordei de Winston Smith. Ben saben, aquel da distopía, ou quizais mellor sátira, á que Orwell, espreitando a lentitude do tempo, lle puxo título revirando as dúas últimas cifras do ano en que a escribiu: 1948. Quizais coidase que así afastaba do inmediato o grande irmán; mais non, ... o tempo, coma un foguete, non só virou sobre a numeración cronolóxica, senón que avanzou sobre nós noutras catro zancadas a respecto do tempo de prevención ou distancia de seguridade que se puxera quen homenaxeou a Cataluña.

Agora o omnipresente ollo vixiante da policía do Pensamento levámolo no peto, incorporado a nós mesmos, imperturbábeis, atendemos as micromensaxes baseadas na neolingua de Orwell, na simplificación, na redución argüida como rapidez na comunicación, cando na realidade é ocultamento, ou mellor alteración, ben reescribindo o pasado, como tiña que facer Winston Smith no seu diario traballo na habitación 101 do Ministerio da Verdade ou “Miniver”, ben inventando a realidade e manipulando a información coas “fake news”, ou ideando futuros irracionais, fantásticos, acientíficos e conspiradores que inhabiliten consciencias e inmoabilicen a sociedade.

A cerna da idea orwelliana, non só de 1984, está na reescritura da Historia. Nalgúns dos seus escritos sobre a guerra civil española manifesta que, sabendo dende mozo que ningún xornal conta os acontecementos con fidelidade, na guerra viu por primeira vez noticias que non tiñan ningunha relación cos feitos, nin sequera no mínimo nivel que se presupón exista entre a realidade e a mentira. Tamén puido observar como a historia se estaba a escribir non desde o punto de vista do que “estaba a ocorrer”, senón desde o punto de vista do que “debería de ocorrer” segundo os

ollos ideolóxicos dominantes.

Nestes corenta anos de vida d’A Peneira o mundo revirouse varias veces e o relato desas reviradas foise sempre axeitando ao que “debería ocorrer.

Lembramos con fidelidade histórica o que representaron Solidarność, Lech Walesa e Wojtila, que, xusto no ano fundacional d’A Peneira, ocupaban as primeiras planas de xornais impresos ou visuais, ou só ficou na nosa retina o que o “Miniver” reescribiu? Axústase o relato á realidade anterior ao esborallamento do muro de Berlín, en 1989, ou só é unha versión do que debería

ocorrer, convertida en verdade? Quen se lembra daquel iluso reformista chamado Gorbachov, vítima dunha “damnatio memoriae” máis intensa que a que decretou Stalin sobre Trotski, pois neste caso aplicáronlla tiorios, troianos, romanos e “tutti quanti”? A URSS e Putin son simples versións do inimigo oriental ou hai algunha contraposición, aínda que só sexa “in esencia”, entre o sistema anterior a 1991 e o pos-soviético? Alguén lembra que Belgrado foi bombardeada en 1999 pola OTAN e que as guerras iugoslavas se estenderon entre 1991 e 2001 ou é que a única e verdadeira guerra pos-soviética foi a actual de Ucraína? Ou é simplemente o que “debería ocorrer”?

Poderíamos seguir: Kuwait, 1990; Torres xemelgas, 2001, e Afganistán, 2001-2021; Iraq, 2003; Libia, 2011, crise nos Pig’s no sur de Europa en 2008... Acordamos de que “A Peneira” mercábase en pesetas e non había Facebook ou twitter, que agora xa non é, ou mesmo recordamos algo máis do coronavirus que as máscaras?

En fin, prezado Guillermo, ti, que podes acougar a beira do Tea e mesmo achegarte na carreira dun can a ollar o pracenteiro Miño entre Salvaterra e Monção, acorda sempre aquilo co que o demo do Voltaire remataba o seu Cándido: “Il faut cultiver notre jardin”. Pois iso cultivemos o noso xardín e non nos deixemos confundir polo falabarato do Dr. Pangloss.



www.ecocelta.com



ecocelta®

Abonos y Sustratos Ecológicos

Los mejores abonos y sustratos para tu huerta,
elaborados con materias primas orgánicas de Galicia

HUMUS DE LOMBRIZ



COMPOST ECOLÓGICO



SUSTRATO UNIVERSAL



ABONO PELETIZADO



RECEBO PARA CÉSPED



HUMUS LIQUIDO







Se 20 anos non son nada, 40 tampouco o son!

Por **Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero.**

Hai corenta anos do nacemento da Peneira como reclamo de conciencia e un pensamento de Galiza; hai corenta anos, por exemplo, que Xosé Lois “O Carrabouxo” expón a súa inxente obra coa axuda da A.C. O Galo, en Compostela, cada unha das súas ilustracións leva mensaxe e así fai que os seus reclamos de conciencia e pensamento de Galiza, ademais conformen un sorriso. Hai corenta anos que o Grupo A Quenlla, no que exerzo, nace para reclamo de conciencia nesta mesma Galiza, e fai concertos e discos, con música de autores, dos de auga limpa, que sirvan para poñer o dedo na chaga, e axúdase con músicas tradicionais das recollas propias para envolvelas en dignidade e procurar que non se perdan e, o que é mellor, se fagan participadas e participativas, por aquilo da cohesión social e de saber de nós, sabernos.

En corenta anos moitas cousas pasan! E pasan coma un suspiro! O Carrabouxo foi medrando e aguzando as artes do humor en cada pequena cousa que nos acontecía, sempre alí estaba e está para poñer no seu sitio o que veñen descolocar. “A Peneira”, como xornal, tivo que adaptar datas e datos, trocou de xente, houbo importantes cambios, outra dinámica, cambiou de formato, mesmo de contidos pois tiña que se adaptar a tantas novidades e colaboracións, dar entrada a moitas novas que estaban aí e deben estar aí. En todos



eles había que actualizarse, anovarse e cumprir debidamente cunha existencia mellor. No grupo A Quenlla non se parou de traballar, de facer cancións, de ser críticos coas situacións ás que nos trouxeron, tamén demos conta debida da nosa Cultura Tradicional con grande orgullo e con moi poucos medios e axudas, desas que crean dependencia ou submisión, para outros, que sei que pintan ben e se queixan menos, ou calan máis.

Son corenta anos dunha experiencia real, nada de virtualidades, nas que toda a xente implicada non só nestes proxectos,

senón tamén nos moitos non nomeados, sentimos acosos e noxos, desesperos no medio dunha loita con desprezos e omisións. E, cando paramos cansos a considerar, mirámonos no espello, aínda resistentes e encantados da posibilidade de seguir, mais vendo como alguén se vende, disimula ou calan e consenten. Por iso non avanzamos como deberamos, isto non vai como debera. Seguimos a defender a verdade, hoxe tan complicada, no medio de tanto botarate e de espellos máxicos que desvirtúan o que pasa coas luces do espectáculo case sempre irreal, que con-

funde creando un impacto negativo e adormecedor que nos afunde definitivamente na mentira e na usurpación. Aquí seguimos dando conta daquel mundo real, este das pequenas cousas que, en realidade, forman o que somos.

Na Peneira, resistimos. Sempre teño a idea que o galego que se emprega -e eu son o primeiro peccador- deba estar moito máis próximo ao portugués do que está. En realidade, as nosas referencias lingüísticas están máis alá de como nolas situaron. Aínda deba haber un novo consenso e corrixir esas deficiencias da escrita que tanto nos distancian. E dígo así, porque resistín aceptando á baixa, moito por mor de entender e facerme entender no respecto á lingua que en cada zona se fala, facéndome entender no común da miña xente, pois vivo no rural e sería case unha ousadía romper o código de entendemento no que habitan e debo respectar a fala zonal e perfilar aqueles erros que nos deturpaban con intrusísimos. Na miña zona do interior debería, ademais de procurar recuperar o orgullo da lingua, facelo con formas un tanto hoxe distanciadas no uso. De todas formas penso que hai que arbitrar un modo que nos achegue e nos integre. Sen traumas e sen convulsións. A cousa é máis doada do que parece, penso, sempre que se faga con sentido e coa necesaria indulxencia e convicción. Argumentos que nunca se tiveron en conta, por certo. Parabéns e a seguir neta loita que integra e nos integra na dignidade do que somos! Por outros 40!


“A PENEIRA”, 40 anos de xornalismo en galego

Por **Xabier Lores Rosal.**

Parabens neste aniversario de “A Peneira”, que despois de 40 anos segue a ser o primeiro xornal escrito íntegramente en galego ennobrecendo e espallando uso da nosa lingua galega e ofrecendo aos cidadans de vilas e cidades de Galicia unha información puntual nos eidos da cultura popular, da etnografía, da política, do deporte, e das manifestacións sociais acaecidas na nosa terra, no ámbito estatal e internacional, sendo senlleiro na cultura dos povos do norte de Portugal. Achégase o xornal “A Peneira” desde un estilo aberto e espontáneo a todos os recunchos da xeografía galega desde a perspectiva e o res-



peto a información seria, sinxela e prudente, analítica, crítica e comprometida coas diversas opinións que se forman ante un feito social, sendo isto un dos valores polos que o xornal “A Peneira” se le e se atopa nas diversas reviravoltas de vida dos galegos. Felicidades, pois, a súa dirección, levada a cabo con experimentada man polo seu director Guillermo Rodríguez. Aos equipos de redacción nos distintos eidos xornalísticos e a un gran número de colaboradores que con gran nivel literario fan posible que a información en “A Peneira” sexa actual, espontánea, directa e fresca. A liña editorial establecida na actualidade é garantía da perdurabilidade de “A Peneira” outros 40 anos máis! Moitos parabéns!



Mellorar a vida das persoas

A Peneira cumpre 40 anos (1984-2024), un periódico mensual pioneiro na defensa da nosa lingua. Felicitacións, moi especialmente á súa alma máter, Guillermo Rodríguez, pola súa perseveranza e

resiliencia, no longo camiño percorrido. Na faceta de divulgador científico, o primeiro artigo publicado: "El consumo de alimentos crudos o sin control sanitario favorece las infecciones intestinales" (La Voz de Ga-

licia, 09-08-21985) e (A Peneira, Ano II-Nº 19, Cultura, outono 1985, p.27), por iso estou encantado de participar nesta edición conmemorativa.

Por Francisco Peña *

Vivimos tempos, difíciles, con conflitos armados en varios lugares do planeta: a guerra entre Israel e Hamás na Franxa de Gaza, a invasión rusa de Ucraína, e outros en Burkina Faso, Myanmar, Nixeria, Siria, Somalia, Sudán, Iemen, etc., que, coa crise climática, constitúen as maiores ameazas para o planeta e a humanidade. Se a isto lle sumamos a crise de valores que atravesamos un mundo sen rumbo e sen líderes, cun G-7 que impón a súa lei (hai que pasar da gobernabilidade plutocrática a escala global a un novo multiculturalismo democrático) e unha UE inoperante ante o conflito Rusia-Ucraína (coa UE actuando como interlocutor de Moscova en lugar da OTAN), estamos ante unha encrucillada de difícil solución, motivos para estar preocupado e alzar a voz.

Un rotundo NON á guerra e ás armas, o mundo necesita paz e non guerra, hai que buscar solucións aos conflitos armados, hai que poñer fin dunha vez por todas a tantos investimentos en armas con fins bélicos, que o único que fan é traer destrución e morte aos seres inocentes. Nada mellor que destinar estes recursos a paliar a crise humanitaria, a erradicar a pobreza e a fame no mundo, a promover a habitabilidade da terra, naquelas zonas máis desfavorecidas do planeta, onde hai fame, falta de abastecemento básico e infraestruturas de saneamento, falta de atención sanitaria. Tolerancia cero, contra a violencia de xénero, acabar coa corrupción, crear emprego digno e de calidade, dar unha solución integral ao problema da inmigración.

Cómpre pór fin á sobreexplotación dos recursos naturais, xa que os episodios de calor extrema, inundacións, incendios, son cada vez máis frecuentes, como consecuencia dos desequilibrios provocados pola excesiva actividade antrópica sostida no tempo, e se continuamos así imos cara ao ecocidio. O cambio climático está a causar destrución, fame, pobreza, millóns de mortes e moito sufrimento. O ser humano é o único que pode frear esta ameaza para a nosa supervivencia, xa que os grandes problemas que ten a humanidade na actualidade (queceamento global, perda de biodiversidade, pandemias, fame, etc.) poden ser combatidos con unidade de acción e non



con armas; se só unha parte do diñeiro gastado en armas fose asignado globalmente, a fame no mundo aliviaríase. A nosa xeración é a primeira en enfrontarse ao cambio climático, ou actuamos con urxencia ou será unha misión case imposible para as xeracións vindeiras. Os nosos estilos de vida deben cambiarse rapidamente para facelos

compatibles coa saúde do planeta. Hai que traballar para prever e estar preparados ante o risco de novas pandemias, así como adoptar medidas drásticas para mitigar e adaptarse ao cambio climático, hai que frear a crise climática ao na medida do posible, que os gobernantes do mundo en Dubai non puideron facer; ademais de protexer a biodiversidade e promover a economía circular.

Comparto a reflexión de François Rabelais que na súa obra 'Pantagruel' di: "a ciencia sen conciencia é a ruína da alma". Aínda que no horizonte planetario de 2024 hai máis sombras que luces, está nas nosas mans cambiar o rumbo das cousas e construír un mundo novo, en paz, sen ecocidio, sen pobreza e fame e con igual dignidade para todos. Temos ciencia, sexamos conscientes e que a nosa finalidade principal é mellorar a vida das persoas.

(*) Científico, académico, escritor e humanista. Fillo Predilecto de Pontearreas

Viñetas de MARTIRENA



“Peneirar” a nosa acción exterior

Por Roberto Mansilla *

Ben certo é que A Peneira naceu en 1984 como un medio de difusión principalmente enfocado nas comarcas. Pero outros eidos non lle son alleos. O mundo, tan complexo, diverso, amplo, contradictorio, tivo e ten tamén lugar nas súas páxinas e no seu salto ao mundo dixital.

Visto así, debemos lembrar que Galicia é unha "célula de universalidade no mundo" e que a acción exterior galega precisa tamén dunha reflexión, de ser "peneirada". Así como o tempo de vida que ten este xornal, son 40 anos de acción exterior de Galicia, que coinciden practicamente coa asunción do seu estatuto de autonomía (1980) Por tanto, e como nos casos catalán e vasco, a acción exterior galega debeu concebirse dentro dese carácter de autonomía política e territorial a nivel estatal pero, se me permiten a reflexión, con resultados menos tanxibles que nos dous casos anteriormente expostos.

Para unha nación, un pobo con ánimos de expresión de independencia, de autonomía, de "ser no mundo", a acción exterior debe ser unha sinal de identidade estratéxica, propia. Non sempre foi así no caso galego, cando menos se o comparamos con outras expresións similares como son Catalunya, Euskadi ou Quebec. Pobo emigrante que nunca deixou de emigrar, Galicia ten na súa diáspora un activo estratéxico non sempre ben aproveitado polos seus poderes públicos autonómicos e institucionais. Pero Galicia tamén ten sido, nestas catro décadas, receptora de inmi-



gración, non só dos xa coñecidos como 'retornados' descendentes de galegos emigrantes. O son tamén daqueles lugares das Américas, de África, de Asia, de Europa, de Eurasia e de Oriente Medio que fixeron da nosa Comunidade o seu novo fogar. E que desenvolven aquí as súas vidas, as súas linguas, as súas culturas e tradicións, as súas formas de ver o mundo. Foron varias as expresións dende a sociedade civil (IGADI, IGESIP, SGEF, entre outros) que se concentraron estas catro décadas en reflexionar e achegar ideas e iniciativas para impulsar esa acción exterior galega, para ilustrar esas potencialidades que ten Galicia de ser un suxeito no mundo. Ideas que acompañaron os vertixinosos cambios acaecidos no sistema internacional nestas últimas décadas. Ex-

presións que tiveron o seu peso para achegar unha visión do mundo dende Galicia. O problema sempre foi a falta de apoio institucional, a instrumentalización destas iniciativas en políticas públicas eficientes que serviran para o desenvolvemento dunha sociedade, a galega, que non sempre comprendeu ben que é iso da acción exterior, de que "gañamos con iso", como seguramente nalgún momento alguén comentou. A acción exterior non é nin debe ser un vehículo de calado electoral. A diáspora non ten que ser un receptor de asistencialismo moitas veces 'electoralista' e oportunista, tamizado moitas veces por expresións repletas de emocionalidade. A acción exterior ten que ser unha aposta por xerar iniciativas, por establecer sinerxias



de ida e volta. Non son unicamente os centros galegos, a denominada "Galicia Exterior" ou os lectorados en universidade estranxeiras. Son tamén as oportunidades que se abren nun mundo globalizado (ou quizáis cada vez máis 'desglobalizado' ou 'postglobalizado') que implique apostar por vías de cooperación, de entendemento, de desenvolvemento. E de coñecemento de que Galicia tamén existe no mundo. 'Peneirar' a acción exterior de Galicia é quizáis unha materia aínda pendente. E tamén, penso, unha aposta que coincide co ethos deste xornal. Noraboa á Peneira por estes corenta anos de resiliencia, de aposta polo seu, de iniciativas tan importantes como necesaria é reflexión de cal é o lugar de Galicia no mundo e de que sentido ten a súa acción exterior.

*Escritor



Tempos Senlleiros

Francisco Álvarez - Koki*

Como dicimos sempre. Que tempos aqueles! Achéganse hoxe á memoria dos meus miolos, a lembranza daquel xornal, que tantas ilusións nos deu ao longo da nosa mocidade. Jorge Manrique dicía que todo tempo pasado foi mellor. E tivo razón, porque en todos nós hai un sentido de lembranza interior que nos fai pensar iso mesmo. Lembro un mes calquera do verán en que como un imberbe poeta, achégome as librerías de Vigo con un libriño para deixar en depósito a venda. E nunha desas librerías atópome cun home. Guillermo Rodríguez, nese intre presidente dos libeiros e, un dos organizadores da feira do libro de Vigo, que se facía na Praza de Compostela. Sen saber quen era eu, recibíume e convidoume a participar na feira do libro, asinando exemplares. Logo nacíu o xornal "A Peneira", e dende entón sempre fun colaborador de dito xornal. Máis tarde como bo galego, e cansado da patronal e empresarios deste Baixo Miño. EMIGRE!! Aquí



os empresarios roubábante. Non sei se todos, pero unha grande maioría, fodíante e inda tiñas que darlle ás grazas. Teño no interior da miña memoria os anos de neno e de ollar a meu pai saír da fábrica dás cachadas co voto na man que os seus patróns lles daban para votar. Mais tarde xa en Nova Iork. ollaba como algúns patróns ameazaban aos seus empregados con buscarlle represalias polo voto. Durante moito tempo fun colaborador de "A Peneira" e cada ano cando podía vir a pasar uns días a galleira, xuntabámonos tanto en Galiza como en Portugal, naquelas ceas de irmandade que hoxe xa están lonxe. Saúdo hoxe, á esa memoria colectiva, cos ollos perdidos dende a casa no Río Miño. Río, que non sei que ten, pero que non só leva auga. Habería que preguntarlle ao fiel amigo Eliseo Alonso, quen salucaba as súas augas co seu barco, Alma Sur. Que ten o Río Miño? Apertas Guillermo.

*Escritor

Afirmar Galicia no exterior

Por **Óscar Lomba Álvarez** *

Nun mundo globalizado e cada vez máis interdependente é necesario artellar mecanismos para que Galicia poida ter presenza na escena internacional. A nosa nación debe ser quen de influír na axenda dos grandes organismos internacionais. Galicia debería transnacionalizar a súa actuación política e superar o seu secular illamento. A interdependencia estrutural nas relacións internacionais fai que o primeiro obxectivo para Galicia teña que ser o da súa afirmación no mundo.

Pequeno país europeo, pequena potencia pesqueira no plano global, nación media, no cadro europeo, Galicia debería ter unha posición propia na orde internacional e unha idea clara sobre o seu papel nas áreas onde se xoga o seu interese como nación inserida nun Estado plurinacional e como país implantado na Unión Europea.

A idea é que Galicia debe favorecer unha orde internacional multilateral, e debe, ademais, xogar un papel activo, tanto na Unión Europea como no resto de organismos e foros supranacionais, nas cuestións da axenda global, sexa no plano económico e social como no plano político e cultural. Significa isto, por unha banda, o reforzo da presenza galega nas principais organizacións internacionais empeñadas no desenvolvemento sustentable. Doutra banda, a colaboración do noso país na estabilidade e seguridade internacional, coa participación e contribución da Xunta de Ga-

licia e das ONG galegas en todas aquelas operacións humanitarias, de xestión de crises e de mantemento de paz, no cadro das organizacións ás que pertence o Estado español e en particular nos organismos nos que a Xunta de Galicia poida achegar a súa contribución. Significa, finalmente, atención e empeño, tamén, no debate sobre a reforma do sistema das Nacións Unidas.

Galicia é unha nación europea, pero é tamén un país atlántico que continúa mantendo fortes relacións co norte de Portugal, co mundo lusobrasileiro e con Iberoamé-

rica. Galicia afronta desafíos estratéxicos nas súas áreas de interese histórico: as relacións transatlánticas e con América latina; a construción europea, o seu papel na península ibérica, o seu estreita vínculo con Portugal; e as relacións coa comunidade galega na diáspora.

O primeiro desafío de interese estratéxico para Galicia é a superación das distancias con América Latina, e o mantemento dunha comunicación fluída con Venezuela, Cuba, Arxentina, Uruguai, Brasil... para continuar reforzando os seus vínculos transatlánticos. Ademais a nosa nación debe

continuar reforzando a súa actividade diplomática en terras americanas para apoiar as comunidades galegas alí asentadas. Non só porque constitúen unha garantía de defensa de comunidade galega na diáspora, senón tamén porque corresponde ao seu propio interese como nación. Galicia ten que promover o seu idioma propio e é por iso polo que resulta urxente artellar a creación dun Instituto para conservar, promover e difundir o galego no mundo, equivalente ao Cervantes co castelán, ao Ramon Llull co catalán ou ao Camões co portugués. Un instituto que debería ter como función principal divulgar a lingua e dar a coñecer a literatura do noso país con actividades que, desde a celebración de congresos, o apoio a creadores ata a concesión de axudas para a tradución de obras galegas a outras linguas ou a presenza regular de creadores e obras nos circuitos internacionais (feiras do libro, mostras de arquitectura e artes plásticas. Festivais de cine, danza, teatro e artes escénicas e performativas...), a promoción de coproducións, de obras cinematográficas e audiovisuais ou a posta en marcha dun gran portal internacional da lingua galega en internet, servirían para incrementar a presenza do galego noutros espazos lingüísticos. Un Instituto desa envergadura tería unha importante ambivalencia: como promotor do coñecemento do idioma, a cultura, a potencialidade produtiva e comercial, o patrimonio turístico de Galicia; e como resposta institucional ás demandas culturais e de extensión educativa da co-





A mellor carne galega ao servizo da restauración

91 507 98 61
discarlux.es



Polígono Industrial de Vallecas Dos, 14
Madrid

lectividade galega no exterior.

Galicia é un país occidental, simultaneamente, europeo e atlántico, non interesa á nosa nación a elección entre as dúas beiras do Atlántico e moito menos escoller unha opción entre Europa ou América Latina. Interesa, polo contrario, pór en valor a súa dobre pertenza: facer valer a súa condición de país europeo na relación con Iberoamérica e rendibilizar a súa relación transatlántica como membro da Unión Europea. No cadro Estatal e no cadro da Unión debe traballar neste sentido, pero non pode deixar de participar en todos os escenarios posibles.

O segundo desafío estratéxico para Galicia é o da Unión Europea: a democratización e o logro do proxecto europeo e a centralidade de Galicia nese proxecto. Nación pequena, xeograficamente periférica, é do interese de Galicia estar, sempre, no centro da construción europea. Como membro da Unión, non interesa a Galicia delegacións nin deseños baseados en distintas velocidades. Porén se a evolución da integración europea impuxer calquera nova xeometría variable, o interese nacional galego aconsella a presenza da nosa nación en todos os foros e institucións consolidadas ou estruturadas que viñeren constituírse (nos que poida estar presente). Como foi fundamental a actuación das nosas caixas, dos nosos aforradores e do noso tecido financeiro na implantación do Euro no noso territorio, será fundamental para Galicia, a súa presenza en todos os núcleos decisivos, xa sexa nos de natureza política ou económica como naqueloutros que favorezan o apuntamento da cultura galega no exterior. O camiño máis curto e a estratexia máis eficaz para superar a periferia xeográfica é conquistar a centralidade política e asegurar a nosa presenza en todos os foros.

No cadro da Unión e en particular no seo do Consello, especialmente nos órganos onde se expresan por excelencia os intereses dos distintos pobos que configuran Europa, Galicia deberá desenvolver unha diplomacia áxil e alianzas flexibles en función das súas áreas de interese e dos seus aliados. Porén deberá desenvolver un pro-

xecto propio para a Unión Europea, e batarse por el. Nas futuras reformas institucionais e cambios nos tratados da Unión Europea, Galicia debería defender posicións autónomas (dentro da súa marxe de manobra). Galicia debe ter unha estratexia clara e facer valer as súas posicións propias que deberían estar en consonancia coa defensa dos seus sectores económicos estratéxicos. Forxar alianzas, liderar a posición doutras comunidades nacionais inseridas en Estados plurinacionais e aliñarse cos intereses doutros pequenos países. Ten que facelo e deberá facelo no futuro.

Na Asemblea das Rexións debería promover a innovación, o desenvolvemento sustentable e o emprego nas comunidades nacionais sen estado e rexións europeas. Debemos promover políticas que enfronten os desafíos da evolución demográfica e o envellecemento da poboación, a inmigración, a sanidade, a educación, o investimento en I+D+i e a exclusión social. Garantir o desenvolvemento sostible e loitar contra o cambio climático e a degradación do medio natural. Defender a democracia na diversidade e promover a pluralidade de culturas, o apoio aos medios de comunicación editados en linguas nacionais minorizadas e a educación nos nosos propios idiomas.

No longo prazo, a elaboración dun Tratado Constitucional ao servizo dos pobos de Europa e a concreción da política europea crítica cos mercados desregulados e superadora das vedrañas estratexias supranacionais fracasadas.

No cadro peninsular e das relacións con Portugal reside o terceiro desafío, porén sen ancorarnos no espazo peninsular, senón que debemos sobordar ese marco, abríndonos a obxectivos supranacionais máis amplos.

Coa democratización e a integración europea, o dispositivo xoeconómico galego continentalizouse e as alianzas externas dos diferentes países ibéricos vanse diver-

sificando aínda que tamén conflúen en algúns obxectivos. Porén significa, esa confluencia e algunhas coincidencias, que se esvaeceron os intereses nacionais propios. Eu opino que non. Os intereses nacionais permanecen, porén a súa formulación é hoxe máis esixente, e a súa defensa máis complexa. Porque a lóxica do caracol deixou de funcionar. Nunha economía aberta e nun espazo sen fronteiras as relacións Galicia – Portugal – Catalunya – Euskadi – España, no cadro da Unión Europea, a estratexia non está na construción de fortíns pechados. Está si, na cooperación mais ta-



mén na competitividade da economía. E é ese o desafío: a capacidade para manter en Portugal e no Estado español, centros de decisión económica en sectores estratéxicos para o noso país e a propia capacidade de concorrencia e penetración das empresas galegas no mercado español e europeo. En boa medida, o terceiro desafío é o da internacionalización e penetración da economía galega noutras latitudes. Finalmente, o cuarto desafío é o das relacións con outros territorios afastados de Europa: Asia, África, Oceanía. Neste caso, o desafío sitúase non só no plano bilateral como tamén no plano multilateral. No plano bilateral, é obvio, porén non poderá deixar de dicirse que é do interese estratéxico de

Galicia o reforzo das relacións cos países da área lusófona: Angola, Mozambique, Cabo Verde, Timor Leste, Macao... E non só no eido político, senón tamén no eido económico e cultural. Porén para iso, a reforma do sistema da cooperación debe encamiñarse no sentido dunha maior coordinación política e institucional como condición esencial para optimizar os recursos e potenciar a eficacia.

No plano multilateral, será de interese para Galicia que a Xunta poida dotarse de novos instrumentos diplomáticos cribles e operacionais para aqueles países nos que poidan

existir intereses estratéxicos: por existir comunidades galegas, por haber empresas multinacionais galegas inseridas nos devanditos territorios, ou por existir intereses culturais estratéxicos ao estar en áreas de influencia lingüística lusogalaica. Porén, o noso país pode e debe ampliar as súas áreas de intervención en ámbitos diversos. Galicia debe implicarse en moitas órbitas de interese como a esfera económica, a política e sen dúbida a cultural. A Xunta de Galicia debería crear e potenciar novos instrumentos de mediación internacional, novos mecanismos de intervención transna-

cional nos países da área de influencia lingüística lusófona, para que a nosa nación poidan gañar marxe de manobra e poida incrementar nesas áreas rexionais a súa acción galeguizadora.

Nun mundo internacionalizado e no que se multiplican as redes de pertenza, importa moito potenciar unha rede ou tecido supranacional que poña en valor a nosa cultura, a nosa lingua e que sirva en definitiva para afirmar Galicia no exterior.

(*) *Coordinador de Diem25 Galicia. Licenciado en Dereito económico e diplomado en Maxisterio. Colabora habitualmente en diversos medios de prensa escrita.*



PREMIO "PONTEAREAS, LINGUA E EMPRESA" (2021)

NA CATEGORÍA DE TRAXECTORIA DO USO DO GALEGO AO LONGO DE DÉCADAS

CIVIL - PENAL - LABORAL - ADMINISTRATIVO

Marcos Martins López

Rúa Rogelio Groba Groba 21-1A - Ponteareas - GALIZA

Telf. 986644656 / 655090704 advogados@bordelho.gal www.bordelho.gal



As Pedriñas Novas



**MARISCOS
TRAÍDOS CADA
DÍA DE GALICIA**

Abierto todos los días. Cocina ininterrumpida



Madrid - Ortega y Gasset, 66 Telf.: 914 014 445

<http://aspedriñasnovas.es>



Lista

<https://aspedriñasnovas.es>



Como un acontecemento se fai comunicable

Por Nicolás Xamardo González *

Para explicar este proceso, analizaremos un texto de V. Kandinsky ("Do espiritual na arte", Edicións Paidós Ibérica, S.A., Barcelona, 1996.) No prólogo de Max Bill, pp. 9-10., este refire o seguinte: "Naquel tempo tiven dúas experiencias que marcaron toda a miña vida e conmocionáronme até o fondo. A primeira foi a exposición francesa en Moscova -en primeiro lugar, a "Meda de feno" de Claude Monet- e unha representación de Lohengrin dirixida por Wagner no Teatro Imperial. Eu só coñecía a arte realista, case exclusivamente ruso; a miúdo quedábame moito tempo contemplando a man de Franz Liszt no retrato de Repin e cousas polo estilo. De súpeto vin por primeira vez un cadro. O catálogo aclaroume que se trataba dunha meda de feno. Molestoume non recoñecelo. Ademais, parecíame que o pintor non tiña ningún dereito a pintar dunha maneira tan imprecisa. Sentía oscuramente que o cadro non tiña obxecto e notaba asombrado e confuso que non só me cativaba, senón que se fixaba indeleblemente na miña memoria e flotaba, sempre inesperadamente, até o último detalle ante os meus ollos. Todo isto non estaba moi claro e eu era incapaz de sacar as consecuencias simples desta experiencia. Con todo, comprendín con toda claridade a forza insospeitada, até entón escondida, das cores, que ía máis aló dos meus soños. De súpeto, a pintura era unha forza maravillosa e magnífica. Ao mesmo tempo -e inevitablemente- descreditouse por completo o obxecto como elemento necesario do cadro. En resumo, eu tiña a impresión de que unha parte da miña Moscova lendaria existía sobre aquel lenzo."

Kandinsky comeza falando de dous Acontecementos no ámbito da arte (música e pintura) que marcaron a súa vida, que marcaron un antes e un despois na mesma: "Naquel tempo tiven dúas experiencias que marcaron toda a miña vida e conmocionáronme até o fondo." Está a referirnos que dúas Creacións artísticas, dúas Interven-

cións que tiveron lugar en Moscova (Unha exposición pictórica francesa, a "Meda de feno" de Claude Monet e unha representación de Lohengrin dirixida por Wagner) para el descoñecidas, Interpelárono. Fixeron unha chamada á súa subxectividade, alterando a Norma que a rexía até ese momento: "Eu só coñecía a arte realista, case exclusivamente ruso". A arte realista era a Norma que rexía a súa subxectividade no ámbito artístico. E a nova arte, o Impresionismo, Interpela a Kandinsky, alterando a súa subxectividade, o seu Imaxinario. "De súpeto vin por primeira vez un cadro. O catálogo aclaroume que se trataba dunha meda de feno. Molestoume non recoñecelo. Ademais, parecíame que o pintor non tiña ningún dereito a pintar dunha maneira tan imprecisa."

A Interpelación inmediata que o cadro de Monet provócalle ("De súpeto vin por primeira vez un cadro."), altera a Norma pictórica que rexía a subxectividade de Kandinsky e xéralle Angústia porque rompe o seu Imaxinario de "experto" en pintura. O autor está atrapado entre o impacto subxectivo que o cadro lle causou e a reacción á mesma desde a Norma alterada: "O catálogo aclaroume que se trataba dunha meda de feno. Molestoume non recoñecelo. Ademais, parecíame que o pintor non tiña ningún dereito a pintar dunha maneira tan imprecisa." Velaquí a natureza e a esencia da Angústia: a incerteza e o temor que sempre xera en nós a ruptura da Norma-Lei por un Acontecemento. Rompe o seu Imaxinario de "experto" en arte.

Vexamos como a Angústia (loita entre o novo e o vello) segue operando en Kandinsky e como, de modo confuso aínda, nesa loita o novo vai transformando a súa subxectividade: "Sentía oscuramente que o cadro non tiña obxecto e notaba asombrado e confuso que non só me cativaba, senón que se fixaba indeleblemente na miña memoria e flotaba, sempre inesperadamente, até o último detalle ante os meus ollos. Todo isto non estaba moi claro e eu era incapaz de sacar as consecuencias simples desta experiencia."

Como referimos, a Angústia é un estado transitorio na subxectividade. Non se pode permanecer longo tempo nesa fase. Tres son as saídas da Angústia: a Cesión, a Traizón. Presionados pola Lei-Superego, cedemos e volvemos á Norma, pagando un elevado prezo. Habemos de saber que sempre traizóase por un interese, polo servizo de bens. E sempre se resiste por un ideal, por un interese desinteresado. A persoa que cede non poderá converterse xamais en suxeito, din algúns autores. Outros sosteñen que, ante un novo acontecemento, a persoa que cedeu podería chegar a ser suxeito. Outras dúas saídas á Angústia son posibles: a tolémia e o suicidio. E son estas dúas saídas á Angústia as que nos indican a gravidade da cesión, da traizón. A verdadeira saída da Angústia efectúase mediante a Coraxe, a única forma de superala, pasando da Angústia ao Valor para que Xustiza fágase. No caso que nos ocupa, romper coa Norma da arte realista e, mediante a Coraxe, aceptar a arte nova, a pintura impresionista, representada no cadro de Monet.

Vexamos como o formula Kandinsky: "Con todo, comprendín con toda claridade a forza insospeitada, até entón escondida, das cores, que ía máis aló dos meus soños. De súpeto, a pintura era unha forza maravillosa e magnífica. Ao mesmo tempo -e inevitablemente- descreditouse por completo o obxecto como elemento necesario do cadro. En resumo, eu tiña a impresión de que unha parte da miña Moscova lendaria existía sobre aquel lenzo."

Kandinsky, mediante a Coraxe, fai Xustiza á arte nova, sinalando a transformación subxectiva que se operou nel ao aceptar os dous elementos esenciais da arte nova: as cores e a falta de obxecto na pintura. Kandinsky, a modo de peche do seu proceso subxectivo, formula como a nova arte intégrase no seu saber artístico: "En resumo, eu tiña a impresión de que unha parte da miña Moscova lendario existía sobre aquel lenzo."

* Profesor emérito da Universidade do País Vasco

Talleres GuillerMotor



Venta de vehículos usados

Puzo - Lira, 24

36459 SALVATERRA de MIÑO

☎ 986 66 15 41 / 628 69 38 23



www.guillermotor.com




40 anos de celebraci3ns

Cea en Portugal para celebrar os 20 anos da Peneira.



Comida de A Peneira en 2005



Comida en O Noso Eido



Comida de A Peneira en Portugal, 2004



O corpus selectus de A Peneira en Santa Tegra, A Guarda en 2002



Festa do primeiro aniversario de A Peneira en 1985 con Quico Paz Ant3n e Uxía, na sala de Festas Xanadú en Mos.



Comida de A Peneira en O Noso Eido, en Salvaterra, 2003

Guillermo de “A Peneira” é meu pai

Susi Rodríguez

É complicado tratar de resumir nunhas poucas liñas o que meu pai representa para mín. Dende ben pequena o recordo como un home optimista, cheo de ideas, proxectos e ilusións.

Foi un dos primeiros de Lira, a súa parroquia, en ter estudos axudado polo seu padriño. Nunha familia de 9 irmáns, os seus pais nunca lle regalaron nada, salvo cariño. Eran tempos duros. Daquela meu pai era Guillermo do Rulo. Foi aí cando namorou con Chicha e cando se empezou a xestar un futuro cheo de amor, fillos, traballos e aventuras. Co título de maxisterio na man, exerceu en A Estrada e logo en Liñares, As Neves. Lembro cando eu ía de pé diante de meu pai na moto, e detrás miña nai con Xanguí no colo e con Monse na barriga. Logo marchamos para Vigo e meu pai traballaba no colexio de Teis, daba clases particulares, vendía lavadoras e representaba ás editoriais Vicens Vives e Interduc. Daquela tamén lidou no Partido Galeguista, pero non seguiu na política, polo menos de xeito declarado. Entón mercamos un Seat 600 e nel íamos, meus pais, catro irmáns, pois xa nacera Paula, Milagritos a rapaza que nos coidaba, e o trío Los Panchos soando no mega cassette...Non sei como cabiamos todos. Ti-



Guillermo con Chicha, a súa dona

ñamos a librería Apolo no barrio da Fenosa que atendía miña nai, mentres lle daba a teta a meu irmán Pablo.

Foi cando eu tiña 12 ou 13 anos, que nos ensinou o plano da que sería a Librería Nova, en Ponteareas, “negocio familiar” ao que miña nai querida lle dedicou media vida. De volta no Condado o tempo transcorría tranquilo, ou iso parecía...Meu pai, que non tiña parada, pensou que a información dos medios de comunicación estaba “mal enfo-



2010. En Mondariz Balneario. coa familia, na celebración dos 500 números de A Peneira

cada” e que había que facer algo. 1984 foi un gran ano. Na familia houbo dous partos, o de meu irmán Xacobe que lle doe a miña nai, e o de A Peneira, que nos doe a todos e durante máis tempo. Tivo atrancos dende o primeiro minuto pois había entes que se sentían ameazados con ver destapados os seus chanchullos. A pesares dos problemas e as ameazas, A Peneira seguiu navegando co seu ague-

rido temoneiro. Meu pai era feliz e pasaba horas e horas artellando cada nova edición, buscando colaboradores, facendo entrevistas, e negociando publicidade con concellos e casas comerciais que lle axudasen a pagar cada número. O primeiro local do xornal, na rúa Constitución, non tiña baño e era frío de raio. Os textos viñan en rolos que tiñamos que cortar e pegar enriba dunha mesa de cristal con luces por debaixo. Logo nos mudamos ao Paseo

Matutino onde facía aínda máis frío. Entón coa humidade empezaron a saírle abrochos ao xornal: A Peneira do Condado, da Louriña, do Val Miñor, do Baixo Miño...eu que sei. Ata había unha Peneira Deportiva. Tamén se editaban libros e se facían cadernos conmemorativos e guías turísticas. Despois de tantos anos, na familia xa tiñamos asumido que meu pai non tiña arranxo. Parecía que estaba satisfeito, coas súas lideiras xornalísticas, pero estabamos errados. En 1995 decidíu rexistrar o Monte Comunal de Ponteareas, que daquela estaba en mans dos que gobernaban o concello. Pedíume que fose eu a socia número 15 que era o mínimo necesario para legalizar o asunto. É algo que lle agradezo moito, pois a pesares de ser denunciados no xulgado polos que mandaban daquela, aguantamos, e o cambio experimentado por este entorno, hoxe convertido en Parque Forestal, é notable. Tamén creou grupos de opinión, como “Alén Miño” e “Foro a Peneira” dende os que se ofreceron tertulias variadas. A Peneira seguía medrando e pasamos a un local máis grande en Sarmiento Rivera. Apareceron O Farelo, e o Kalaikia, adicados á cultura. Ata eu facía un suplemento para Medio Rural en mans daquela, de Suárez Canal. E celebramos os 10 anos, os 20, os 30 e agora os 40.

O xornal estivo sempre arroupado por ducias de colaboradores, que a día de hoxe seguen apoiando a idea e aos que hai que agradecer o seu labor. E tivo varios premios merecidos pero dende o meu punto de vista, insuficientes. Ao mellor antes de pechar definitivamente, nos dan un Óscar

á interpretación.

A penúltima idea de meu pai foi a de fundar a librería solidaria “Chambo Libris”. E xa anda pensando noutra movida da que non pode desvelar nada aínda. En fin...

Así pasaron os anos... Guillermo, agora xa con outro alcume, segue pensando en facer o ben para a comunidade, segue sendo un home libre, que fai o que considera xusto e honorable. E como é de xustiza, cabe recoñecer aquí o papel da súa muller Chicha que sempre o acompañou e apoiou nestas aventuras. Unha gran muller que deixou medrar e evolucionar a Guillermo do Rulo, e que sen ela non sería o mesmo. Moitos parabéns papá, por esta grande vida túa chea de proxectos e aventuras, das que axiña nos darás conta polo miúdo nas túas memorias.

Aínda que teimudo e mandón, a túa obra é un orgullo e unha lección para min e para toda a túa familia e quémeste así.



Tarta co número 0 de A PENEIRA

“A Peneira”, 40 anos

Por Xulio Xiz *

As persoas e as súas iniciativas nacen, medran, desenvólvense – se acaso, reproducense –, esmorecen e desaparecen. Ese percorrido pode durar trinta ou noventa anos; ou corenta. Cantas persoas morren na flor da idade!... Cantas iniciativas non chegan a superar a maioría de idade!...

Coñecín A Peneira cando esta meritoria publicación loitaba por atopar un lugar no mundo de Galicia. Estaba eu no Concello de Lugo e Guillermo visitou a cidade, coñecímonos e falamos de xornalismo e de Galicia. Estaban mediados os anos oitenta... e desde entón pasaron corenta anos.

El e máis eu notamos o paso do tempo, e A Peneira é unha moza nunha terra milenaria que segue a necesitar medios que lle abran os ollos cara ao pasado e cara ao presente, para que todos saiban o que pasa arredor de nós mesmos. Para abrir os ollos á nosa realidade máis cercana, ás nosas verdades, a saber de onde sopra o vento e entender o que está pasando e albiscair o que nos vai vir.

A Peneira é moza pero ten a experiencia destes corenta luminosos anos nos que a nosa terra entrou en dimensións impensables. E non me refiro a Europa como enti-

dade sociopolítica á que pertencemos, que tamén. Refírome á Europa formada por infinidade de pobos que coñecemos a través dos milleiros de peregrinos que nos abiron ao mundo a través do Camiño que ven de Europa á Capital de Occidente. Ese

Camiño integrounos máis na modernidade, no europeísmo... ca calquera unión política ou económica; o Camiño iluminou Galicia desde hai máis de mil anos coa luz que – dixo don Ramón Cabanillas – “cae darriba”, abríndonos a todos os mundos

do vello mundo e máis aló.

Eses corenta anos que a Guillermo e a min nos trasladaron á madurez consciente, contemplaron o nacemento dunha Galicia nova, unha ou varias xeneracións de galegos conscientes, formados, modernos, europeos. Corenta anos marcan o abismo de distancias que median entre aqueles anos oitenta e o rubicón do primeiro cuarto do século XXI.

Desde a citada madurez consciente á mocidade que os tempos impoñen eu quero saudar xubiloso desde a cidade máis amurallada de Galicia a unha publicación que sen sair da mocidade entusiasta, entrou empoderada, poderosa, nunha etapa vital na que todo é posible, todo está ao alcance da man, superadas tormentas, secas, pandemias; conflitos, crises, liortas... mesmo situándose á vista de todos, no centro de Galicia, como no ollo dun tornado que goza de tranquilidade absoluta mentras todo xira ao seu arredor. Segue a peneirar, Guillermo, cribando, peneirando Galicia para obter a fariña informativa que nos alimente, nos faga críticos, nos faga máis libres. Se cada pobo tivese a súa “Peneira”, este país sería máis forte, máis grande, máis vivo!.

* xornalista



“A Peneira”: Um marco com 40 anos no relacionamento Luso- Galaico

Por Manuel Sotomaior *

A PENEIRA assinala, com esta edição, quatro décadas de vida. Um percurso que, como todos os outros, teve momentos bons e menos bons; nomeadamente, nos últimos anos, a sobrevivência, com dignidade, às dificuldades que a comunicação social, em geral, tem vivido e o implementar de estratégias que as permitam ultrapassar. Ao longo de todo este tempo, o Guillermo Rodriguez tem sido a alma mater do periódico, o exemplo de entrega a um projeto cuja aposta passa pelo foco no intercâmbio cultural e linguístico entre a Galiza e Portugal.

Conheci pessoalmente o Guillermo a 6 de novembro de 1985. Já lá vão 38 anos! Foi na inauguração do ferryboat que passou a ligar Monção e Salvaterra, 10 depois encostado por via da abertura da ponte que ficou a unir estas duas localidades de Portugal e da Galiza. Trabalhando eu, também, já na imprensa escrita, o Guillermo lançou-me o desafio para ser correspondente de A PENEIRA, na margem portuguesa do rio Minho.

Durante estes anos, fui parte e testemunha na vontade e determinação em aproximar ainda mais as duas margens,

as quais têm muito mais a uni-las do que a separá-las. Com denodo e resiliência, A PENEIRA tem sido um exemplo de abnegação e capacidade de juntar a gente e a cultura galaico-portuguesa.

Um caminho cujos escolhos têm sido muitos e, não obstante, sempre ultrapassados. Nesse sentido, convém sublinhar a importância do jornalismo como instrumento para tornar as sociedades mais robustas e apelativas, contribuindo para o reduzir os abusos do poder e aumentando o bem-estar coletivo. Uma atividade que se enquadra no setor das indústrias criativas, responsável por 4% do PIB europeu.

A PENEIRA está, nesse âmbito, de parabéns! E, claro, o Guillermo também. Como defendeu um reputado professor universitário na área das ciências da comunicação, no recente congresso dos jornalistas portugueses, os órgãos de comunicação social são bens de primeira necessidade, como a educação e a saúde. Importa, por isso, até para salvaguarda da democracia, que sejam acarinhados pelos verdadeiros defensores desta, com independência e sem subserviências.

*Xornalista português



Manuel Sotomaior e Guillermo Rguez nos anos 80

“A PENEIRA”

corenta anos de compromiso e resiliencia

Xoán Antón Pérez-Lema*

“A Peneira” cumpre os seus primeiros corenta anos. Se vinte anos, malia o que poida dicir o tango, constitúe unha medida de tempo tan respectábel...que dicir de corenta! Corenta foron os anos na Galicia da longa noite de pedra franquista, como corenta foron os anos que disque rulou o pobo xudeu, elixido de Yahvè, polo deserto do Sinai na agarda da Terra Prometida. Corenta anos xa son os cumpridos por “A Peneira”, creación de Guillermo Rodríguez, o seu fundador. Tiven a ocasión de celebrar canda él e os amigos d’A Peneira os seus primeiros trinta anos e de escribir daquela no xornal conmemorativo do aniversario: “Os cinco primeiros anos d’A Peneira”... Dende entón “A Peneira” representou o compromiso coa

lingua e co País, a aposta pola calidade e modernidade na presentación da información e a radicalidade na independencia e obxectividade. Porque “A Peneira” e o seu editor, Guillermo Rodríguez, sempre estiveron do lado da cidadanía e da liberdade de prensa, mais na súa independencia recibiron non poucas críticas”... Verbas que ratifico ampliadas.

Dende entón van outros dez anos, sinalados pola xestión do autogoberno galego por parte dun PP que non acredita nas súas posibilidades por non acreditar no propio País, alicerzando como se alicerza tanto nunha visión dependentista como nos sectores máis estáticos e refractarios ao cambio. Velaí que a resiliencia deste medio, adoito privado da axuda por parte dos Poderes Públicos da que é merecente, sexa unha proba xe-

nuína do compromiso e da afouteza de Guillermo Rodríguez Fernández.

A falla de compromiso da Xunta do PP cos medios en galego determinou en grande parte o fracaso empresarial de louváveis iniciativas nadas na web e mesmo presentes no papel. Neste contexto a vizosa supervivencia de “A Peneira” é unha miragre e débese a esa especial afouteza de Guillermo e ao seu senlleiro compromiso co País, coa información local e comercial, coa lingua e coa liberdade de información . Sen esquecer (sería inxusto) o labor desenvolvido nestes corenta anos polos colaboradores no eido da produción, distribución, comercial, etc. o proxecto non chegaria onde chegou se non fôr pola persoa de Guillermo. E iso, miñas donas e meus señores, sabémolo todos os que te-

mos a honra de coñecelo.

Dicía Bertold Brecht que hai homes que loitan un día e son bos. Os que loitan un ano son mellores e os que o fan varios anos son moi bos. Mais só os que loitan toda a vida son os verdadeiramente imprescindibles.

Guillermo Rodríguez, fundador de “A Peneira” é desas persoas imprescindibles das que falaba Brecht. Penso, xa que logo, que o mínimo que podemos facer as persoas que nos consideramos amigas de “A Peneira” e de Guillermo é acompañalo na medida das posibilidades de cada un de nós neste proxecto para posibilitar a súa continuidade polo menos durante os seguintes corenta anos.

**Avogado e comentarista de radio e televisión*

Parabéns dende Tameiga

O equipo de Publicacións Tameiga, felicita ao Xornal polos corenta anos que leva neste mundo xornalístico tan complicado, ás veces con bos momentos e outros con moito sufrimento, pero nos que nunca deixou de saír á rúa. Queremos felicitar tamén ao seu Director Guillermo Rodríguez pola paciencia que demostrou en momentos difíciles para o xornalismo.

Dende aquí animámolo a seguir con este xa consolidado xornal.

Parabéns

O equipo de PUBLICACIONES TAMEIGA S.L.

Parabéns á Peneira

Manrique Fernández *

Cando A PENEIRA daba os seus primeiros pasos, eu aínda andaba mirando como facer para matricularme en Xornalismo. Botando a vista atrás parece que pasaron mil anos (de feito, foi no milenio anterior!) mais, facendo ben as contas, só foron catro décadas. Que no mundo actual un xornal pequeno como A PENEIRA lograse subsistir durante tanto tempo, non pode ser máis que pola teimudez de quen tirou dela, nadando contracorrente e enfrontándose a xigantes que pretendían ser muiños de vento. Parabéns polo aniversario a todos os que, dende o primeiro minuto e ata a actualidade, axudaron a empurrar para que este soño se volvese unha realidade tanxible.

**Xornalista e escritor*



Galiza, patria espiritual de José Afonso

Por Paulo Esperança

Algúns bares poñen o Grândola cando queren pechar pero raras veces o conseguen: porque o Grândola non é unha canción de pechar senón de abrir.

Maria do Cebreiro, Poeta, Ensaísta e Profesora de Teoría de Literatura, Universidade de Santiago de Compostela
<http://aja.gal>

Apesar da curiosidade intelectual que José Afonso dava a tudo o que non conecía será de considerar que a Galiza lle chegou tarde, e casualmente. Tinha quarenta e três anos.

1952 (?)

É inquestionável que o momento fulcral da entrada de José Afonso na Galiza teve Benedicto Garcia Villar como protagonista. Mas non poderemos descurar a possibilidade de José Afonso, provavelmente com o Orfeão ou com a Tuna Académica, ter actuado na Galiza, ainda numa fase inicial em que caminhava pelo fado de Coimbra. Em 1994, o Sindicato dos Professores do Norte publicou um caderno intitulado "(Re)Viver Abril com Zeca Afonso, Para uma Didáctica de Unidade". Nele consta que José Afonso, em 1952, vai à Galiza pela primeira vez como membro da Tuna de Coimbra [tendo actuações] em Vigo, Santiago de Compostela e na Corunha. Numa breve cronologia, José Jorge Letria, na obra "Zeca Afonso, O que Faz Falta", confirma essa ida de José Afonso com a Tuna à Galiza no ano de 1952. O historiador galego Ramón González Rey, em artigo publicado na edição de 12 de Fevereiro de 2017 do jornal "El Progreso de Lugo", escreve também que su primera estancia [Galiza] fue en 1952, con la tuna. No entanto há quem sustente que terá sido em 1953 que a Tuna actuou em várias cidades galegas, não se sabendo se José Afonso terá integrado essa digressão uma vez que a sua inscrição, na Tuna, data de 1955.

1964

Maria Xosé Queizán, resistente anti-franquista, escritora e profesora catedrática de língua e literatura galega, releve, no seu livro de memórias "Vivir a Galope", ter conhecido José Afonso no Verão de 1964, num concerto do Parque de Castrelos, em Vigo. Seria com a Tuna ou com o Orfeão de Coimbra? Tudo leva a crer que não. Em conversa de amigos com Xico de Carinho, Maria Xosé Queizán refere: ía com algún músico e atuavam com vestido normal – não de capa e batina.

1971

Antes de Benedicto, terá havido, de forma organizada, pelo menos uma tentativa para que José Afonso fosse à Galiza. Ourense traz-nos muitas memórias acompanhadas de algumas informações que valerá a pena esclarecer, sendo que a dúvida poderá persistir. Teño no meu poder o CD que contén toda a documentación, xa que dos orixinais fixen doazón ó Consello de Cultura Galega. Reviséina e atopeime con datos que tiña por esquecidos. Entre outras actividades, programouse para o ano 1971, un "Festival Ibérico" ó que se invitou a varios cantautores de Portugal: Vieira da Silva, Adriano Correia, Rita Olivais,



Ana María Teodosio, José Afonso, Denis Cintra, José Jorge Letria e Manuel Freire. De Galicia participarían Xerardo Moscoso, [Suso] Baamonde, Benedicto, Bibiano, Miro [Casabella] e Los Juglares. Por Castela: Paco Ibáñez, e por Cataluña, Pi de la Serra. Pero as portas pecháronse e o Pavillón dos Remedios tampouco foi cedido, informáronos Gonzalo Iglesias Sueiro, à altura Presidente da Asociación Cultural Breogán, entidade que tentou organizar este evento, em artigo publicado a 26 de Abril de 2014 no jornal "La Region de Ourense".

No ano de 1968, um conjunto, mais ou menos formal, de poetas e cantautores galegos formaram o colectivo "Voces Ceibes", que acabou em finais de 1974. Anunciava a Nova Canção Galega. Benedicto Garcia Villar, Xavier del Valle, Xerardo Moscoso, Vicente Aráguas, Guilherme Rojo, Miro Casabella, Bibiano, Xaime Barreiro e Suso Vaamonde deram conta desse desafio ao regime franquista. E a vida, sempre tem destas coisas! Um dia, por acaso [?], Benedicto foi convidado para ouvir um disco em casa de um seu amigo. Queria que escoitasse un elepé, dum "tipo estraño", um cantor português, porque seguro me ía gustar. Aquela audición foi coma se me rebentasen a cabeza. Era tan magnética aquela sua voz que á primeira oportunidade que me presentou fun na súa busca. Era o álbum "Traz Outro Amigo Também", 1970. A cumplicidade entre ambos foi de tal modo intensa que o álbum "Eu Vou ser como a Toupeira", 1972, gravado em Madrid no mês de Novembro, contou já com a participação de Benedicto, entre outros músicos galegos.

Dos tempos vindouros a história viria a confirmar essa ligação de sangue de José Afonso com a Galiza, José Afonso vivia fóra do seu tempo, disse Vicente Aráguas, fundador de "Voces Ceibes": O seu reino era outro. O

seu voo de falcón, de alcotán, de águia non tomou van-taxe da prerrogativa que puido apañar nun proceso político en marcha ao que a sua arte servira de espora. "Crónicas -Voces Ceibes", 1991.

Por intermédio de Benedicto e seus amigos, numa organização da Asociación Cultural Breogán, Ourense terá sido a primeira [?] cidade a acolhê-lo, numa jornada iniciada a 8 de Maio de 1972. Conta-nos Arturo Reguera, amigo de Benedicto e um dos mentores desta xira de José Afonso: O 8 de maio do ano de 72, ás 12 da mañá, estabamos Benedicto, Maite e eu agardando na Librería Tanco de Ourense, aquela librería que a hospitalidade cultural e política do seu dono Carlos Vázquez convertía numa casa de acollida para as boas causas. Eu estaba nunha impaciente espera, pois Benedicto e Maite xa estiveran na súa casa, em Setúbal, pero eu non os coñecía persoalmente.

No día seguinte aconteceu a sesión em Lugo. Em 10 de Maio de 1972, no comedor da Facultade de Ciências Económicas de Compostela situada no antigo Burgo da Naçons, José Afonso entrava em palco com Benedicto para um concerto que reuniu cerca de três mil pessoas. A terminar, "Grândola Vila Morena" foi cantada em público. Cantou o Zeca e, ao final do recital, cando crin que xa estaba todo acabado, agarroume ao xeito alentejano e empezou a marcar o son cos pés, tamén ao modo todo alentejano. A xente púxose en pé, tiña a letra da canción, a melodía era mui fácil, e a emoción moita.

Sem que se pretenda levantar qualquer tipo de polémica, caberá aqui fazer referência ao facto de "Grândola", talvez não ter sido cantada, pela primeira vez, em público, em Compostela. Xico de Carinho dá-nos informação: de certo que o Grândola foi cantado pela 1ª vez em Santiago de

Compostela, no ano de 1972 mas não pela 1ª vez en público. Pelo que sei, na España, sería en Valencia, no ano de 1970, no Festival dos Pobos Ibéricos, porque, segundo Miro Casabella, que também estaba lá, o Zeca acrecentou, que íria cantar o Grândola, que depois ía gravar a Paris e lhe servía como preparación. Miro Casabella acrescenta: certamente acredito no que di o noso amigo Xico, a primeira vez que e cantado o Grandola foi en Valencia (España) neste ano que él di 1970? no Teatro Principal donde participaban outros cantores, Paco Ibañez, Xavier Ribalta, Maria del Mar Bonet, Miro Casabella, Adolfo Celdran e Poni Micharvegas, certo é que logo él ía para Paris para gravar o disco "Cantigas do Maio" onde incluía Grandola. Logo e en Compostela no ano 1972 que canta no Burgo das Naciones o Grandola, e eu tamen estiven por lá. E acrescenta: sen dubida o ano 1971 | e não 1970|no que foi cantado en publico o Grandola en Valencia, no seu teatro principal. De salientar que no concerto de Ourense de 8 de Maio de 1972 a "Grândola Vila Morena" constava do respectivo alinhamento não se sabendo se José Afonso a interpretou, ou não.

É inquestionável que Benedicto Garcia Villar foi a chave-mestra para a entrada de José Afonso no imaginário galego. Naturalmente que o "Grupo de Económicas", da Universidade de Compostela, que funcionava de forma militante, mas informal, e do qual faziam parte Arturo Reguera e Emilio Perez Touriño, entre outros, também deve merecer atenção especial. Mas essa entrada com Benedicto e com o "Grupo de Económicas" foi contando com a participação de mais actores que, ao longo dos tempos, foram sendo, sucessivamente, seduzidos pela obra de José Afonso.

Francisco Peña Villar, Xico de Carinho, chegou a Paris em Setembro de 1970. Estudava Etnomusicologia na Escola Prática de Altos Estudos da Sorbonne e acompanhava musicalmente o cantor brasileiro Geraldo Vandré, à altura exilado em França. Pouco depois assisti ao Festival da Chanson Portugaise de Combat na Maison de la Mu-



José Afonso por Henrique Matos

tualité, que teve lugar em Paris em |10 de| Novembro de 1970. Fui saudá-lo e perguntei-lhe se me poderia dar informações sobre a música portuguesa, popular e de intervenção, porque eu estava muito interessado em conhecer de mais perto. O Zeca disse-me que não era o mais indicado, porque não tinha estudos musicais e também porque não morava em Paris. Apresentou-me ao Luís Cília, dizendo que era ele que me poderia dar as informações de que necessitava.

José Afonso assumiu, de forma militante, que as duas margens do Minho não poderiam constituir um factor de separação entre os dois povos irmãos. Para ele, as duas margens, contribuíam, e muito, para ajudar o desenvolvimento de uma cultura e amizade, comuns. Foi, de facto, um profícuo adivinhador da rede da galilusofonia.

Há unha grande confuson em Portugal sobre a Galiza: estou farto de explicar por todos os lugares que Galiza nom é Espanha, que é um país diferente, com unha cultura própria dizia José Afonso numa entrevista ao jornalista Xan Carballa, publicada em 25 de Abril de 1985 no semanário "A Nosa Terra". A Galiza era para José Afonso uma espécie de pátria espiritual irmã da nossa. Infelizmente há quem pense que os galegos são muito diferentes de nós e que falam uma língua chamada castelhano – outros dizem que falam uma língua chamada espanhol. O que é certo é que na chamada Espanha, existem, como toda a gente sabe, vários países, várias regiões com uma personalidade própria, com uma cultura própria, dizia num concerto, em Carreço, Viana do Castelo, a 23 de Fevereiro de 1980.

É certo que José Afonso, na vida que viveu, acabou por sofrer muitas influências que viriam a moldar a sua música e a sua palavra. A Galiza foi, sem dúvida, uma inspiração que sempre o acompanhou. Esse seu fascínio por ela sempre foi e continua a ser fraternalmente retribuído.

José Afonso foi quem foi, artista, poeta, cantor, andarilho, militante e cidadão, não porque o destino lhe tenha sido traçado mas sim porque soube olhar, ouvir, ler, recolher, absorver, no fundo recriar e criar, todos os caldos de cultura, todas as experiências que lhe iam aparecendo pela frente. José Afonso nunca teria sido quem foi se tivesse andado sozinho pela vida. A permanente inquietação foi a bússola que o colocou, definitivamente, nesse lugar intemporal de génio.

O Zeca Afonso nom é umha peça de museu, o Zeca é umha introduçom à poesia, à música, aos valores de solidariedade, amizade, justiça e rebeldia e também ao divertimento. O Zeca nom é para estar numha prateleira ou escuitar só cada 25 de abril, o Zeca é companheiro e recurso para ter presente, à mao.

"Zeca para Crianças", Bruno Vilela, 2018. Edição da Escola de Ensino Galego Semente.



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

**Mil primaveras máis para
A Peneira!**



**Moitos azos e o mellor
asesoramento legal para
esta nova xeira.**

881 964 020 ■ www.xoanantonperezlema.com



Rúa Santiago Rey Fernández Latorre, nº 57, 7º (edificio Apolo 2)
Esquina Ramón y Cajal - Fronte ao Corte Inglés, 15006 A Coruña









administracion@perezlema.gal





40 anos de publicacións





“A PENEIRA” e a historia de Ponteareas

Por Francisco Candeira Mosquera *

Con Guillermo Rodríguez Fernández, Ponciano Mera Macaya, Gonzalo Caballero Álvarez e algún outro que debería lembrar, eu, un mozo de case 28 anos, acudín en febreiro de 1984 á notaría de Zulueta de Haz situada na viguesa rúa de Colón para formalizar a fundación da Peneira. O nome e o logo, unha peneira, por suposto, foron propostas por Ponciano Mera nunha xuntanza previa onde barallamos diversos nomes.

Eu daquela era concelleiro en Ponteareas. Presentárame no segundo posto na lista do PSdeG-PSOE, acompañando ao meu amigo Gonzalo Caballero (pai), meu verdadeiro profesor de política, e ao meu tamén amigo Clemente Viqueira. Amigos antes pero sobre todo despois de pasada a lexislatura. O meu entusiasmo por participar na res pública e por transformar a sociedade na que nacín xurdira moitos anos antes desde que a principios dos anos 70 cursei estudos no instituto Santa Irene de Vigo na época da grande e longa folga da industria viguesa, de 1972, en plena ditadura franquista. Foi entón, por primeira vez cando con 16 anos tiña que pasar por diante dos grises armados con metralletas para achegarme ao instituto na Praza de América e concentrarnos nos recreos diante deles nas beirarúas das Travesas.

Foi tamén a raíz da herética actitude do meu irmán maior quen se confrontou ao noso pai, boa persoa pero franquista convencido logo de participar na Guerra Civil no bando dos vencedores. Eu escoitaba entre sorprendido e escandalizado aqueles agresos confrontamentos familiares por motivos políticos.

Logo, polas noites, cando todos descansaban, meu irmán e mais eu escoitabamos as emisoras antifranquistas prohibidas en España, con aquela vella radio do comedor que el aínda conserva: A Pirenaica, Radio Moscú, Radio Francia internacional en castellano, Radio Pekín, Radio Tirana... Elas daban unha versión tan diferente da realidade verbo da que se contaba nos medios en España...! Pouco a pouco fun descubriendo o que durante tantos anos a familia mantivera calado: Meu avó, o médico Panchito Mosquera Souto, fora un destacado membro do PSOE local desde a súa xuventude e durante a Ditadura de Primo de Rivera e a 2ª República. Na Guerra tivera a sorte de salvarse pero sufriu diversas penalidades e non menos inxustizas pola súa pasada traxectoria. De adolescente, as conversas navideñas co se fillo, meu tío Pan-



Falaxistas homenaxeando a Franco, un 1 de xullo.

cho Mosquera Pesqueira, eran, cada ano, toda unha revelación para min.

En 1977, eu, un mozo universitario de 21 anos, participei como militante do Partido Socialista Galego, de Xosé Manuel Beiras, nas primeiras eleccións xerais da democracia. Inda recordo como desde Santiago nos desprazamos á Estrada para facer propaganda e acompañar no mitin ao abogado e candidato Alfonso Álvarez Gándara. Aquel grupo de mozos entusiastas tivemos tamén ocasión de acompañar a Celso Emilio Ferreiro a gravar o seu espazo electoral na Televisión Española en Galicia, na rúa do Vilar, e posteriormente merendar con el nunha caferería da mesma rúa e escoitar as súas experiencias. Toda unha lección de vida.

Compréndese, así, que cando chegaron as primeiras eleccións municipais en 1979, eu, recién licenciado en Xeografía e Historia, xa tiña certa conciencia política e social. Xa coñecía que tipo de xestión clientelar se fixera e se estaba

a facer en Ponteareas cun poder municipal controlado por homes de orixe falaxista.

O día das eleccións municipais do 3 de abril de 1979 eu quixen deixar por escrito o ambiente en Ponteareas. Escribino na casa do nº 42-2º da Praza Maior de Ponteareas -que daquela se chamaba Plaza del Generalísimo- Algunhas partes non as veredes reproducidas aquí por estar expresadas de maneira tan libre que poderían resultar politicamente incorrectas de máis.

Comezada dicindo...

“Hoxe é o día das eleccións municipais. Son as 11 menos ¼ da mañá e xa empezou a votación.

O municipio de Ponteareas nesta campaña electoral foi o máis conflitivo da provincia de Pontevedra.

-Os primeiros días da campaña apareceron uns panfletos asinados polos Comités Anti-Corrupción (formado polo cacique de Pías (...)) e outras persoas, como un avogado



Valor engadido

MONTSE TONIO PILI JOSE ANTONIO CARLOS CRISTINA NEMESIO JENNY DIEGO EZEQUIEL



de Vigo, que por este panfleto foron denunciados polos partidarios de José Castro. (...) Era en contra de Pepito e titulábase "Alerta ponteareanos".

-Inmediatamente empezaron a aparecer as pancartas de Castro: 2 na estrada xeral (Areas) e 3 ou 4 por dentro do pobo. Os de Unión de Centro Democrático (UCD) de Alfredo Sestelo tamén puxeron as súas (3) dentro do pobo. Outra práctica foi a das pintadas no chan das rúas. Empezaron os de Castro. Pintadas moi grandes (ocupan todo o ancho das rúas) e logo os de Setelo (igual) e os do PSOE; algunhas pequenas dos da Candidatura Municipal Democrática (CMD, pro-PCE)

-O pobo está "empapelado". Dominan os carteis de Pepito -Unión del Condado- (UC) coa súa fotografía. Ségueno os de UCD, coa foto de Setelo; tamén hai moitos. Logo a CMD e despois o PSOE que non fixo demasiada campaña. O Bloque Nacional Popular Galego (BNPG) fixo moi pouca campaña. Case non hai carteis seus; ningunha pintada e os poucos carteis que hai son de debuxos de Castelao.

-Os "slogans" son: UC: "Castro, un hombre de ideas que presenta realidades"

UCD: "Alcalde Setelo" (e máis)

CMD: "A tua voz no Axuntamento"

PSOE: "Cambia tu ciudad con los socialistas"

BNPG: "Para rematar ista vergonza, vota Bloque"

-Tamén hai pintadas de Castro nos edificios, nas partes lisas.

-Os coches dos partidos pasan polo pobo tódolos días coas súas consignas e as súas cancións. Aproveitan e os días de feira e os de mercado, xúntanse todos e cada un berra o seu.

A tensión electoral en Ponteareas é moi elevada. É un ambiente enrarecido e tenso. (...)

Pepito ten caciqueado todo o municipio, cada parroquia, cada aldea. Soltan bulos para confundir á xente. Dan mitins nos bares das parroquias. Algunhas son súas en cuentión caciquil (Areas, Ribadetea...). Outras non tanto; nalgunhas case o botan a patadas. Os de UCD, José Casanovas, Daniel Novoa, etc (estes están na candidatura de UCD como independentes), van polas parroquias, casa por casa, falando coa xente. A xente di que Castro é un ladrón pero que os que veñan virán tamén a chupar como el.

A técnica dos de UC, é ir polas aldeas e pedirilles o cartón de identidade a todo o mundo para votarilles eles por co-

reo. Ás veces insinúan que o concello non lles dará o certificado que necesitan, se non votan a Castro. Non hai que esquecer que inda que Pepito dimitiu como alcalde para poder presentarse ás eleccións, a casa do concello está controlada polos do seu clan.

As tentativas de denuncia abundaron estes días. Dise que en Angoares manexaron a correspondencia os propios carteiros, favorables a Castro, que se queimaron votos por correo e outras artimañas.

-Os de Castro foron a Portugal ata Lisboa onde están moitos emigrados para pedirilles o seu voto por correo; fábase dos de Venezuela no mesmo sentido.

-Houbo anónimos contra os da candidatura de Sestelo (UCD): José Casanovas recibiu un. E Alfredo Sestelo tamén, xa que o dixo publicamente no mitin que celebraron o sábado no colexio nacional. Sestelo recibiu, ademais, unha ameaza de bomba no seu coche, que resultou non ser certa.

Onte á noite, cando xa non se podía facer campaña electoral, os de Castro colleron en Fozara a dous, que din que son do Bloque pero non é seguro que o sexan, tirando panfletos contra Castro. Colléronos partidarios da candidatura de UC e a Garda Civil e leváronos á Casa do Concello. Onte, ás 10 menos ¼ da noite había moita xente; a maioría de Castro. E algún (...) dicía emocionado: <los cogimos, los cogimos; fue de película>.

-O párroco de Ponteareas, Don Enrique Rodríguez Troncoso, é favorable a Pepito

-O notario está a favor de Pepito.

-O Xuíz de instrución (1ª instancia) tamén. E no quixo anular os votos por correo de Castro, obtidos baixo ameazas ou enganados, tal como solicitou UCD. Logo correuse o bulo de que UC denunciara a UCD por facer o que, en realidade, fixeran eles (o dos votos por correo con enganados).

-Nos programas de Radio Popular saíu Castro unhas 4 veces e outras persoas contrarias como Fangio, un avogado, os de UCD (Sestelo) e os da CMD (Moncho). Ponteareas estivo nas antenas de toda Galicia, por motivos caciquís. Xa dixeran que o ambiente estaba moi enrarecido. Algún Mestre "castrista" que tamén é militar, non activo, dixo que ía a levar a pistola ás mesas electorais.

Na Hoja del Lunes de hai unha semana viñan dúas páxinas de propaganda vergoñenta a favor de Pepito. Nela, un que o atacara, agora dicía que o fixera porque estaba borracho.

O domingo (día 1 de Abril) fixo UC un mitin no Cine Mariño

con altofalantes para as rúas e a Plazuela para que o oíra todo o mundo. Foi moita xente. Fóronos recollendo polas aldeas cos autobuses de Ojea (que lle fan campaña gratis, e levan carteis seus). Formaron unha caravana de 83 coches contados por min persoalmente e metéronse no pobo o domingo pola mañá, sobre as 11, pitando e demáis.

CMD. fixo a súa pola tarde: 23 coches.

UCD creo que fixo outra pero non a vin persoalmente, e díxeronme que en nalgúns tramos pasaban de 100 coches. (parece que menos).

-O que se teme é que hoxe polas aldeas fagan chanchulladas.

A cuestión en Ponteareas, hoxe por hoxe, non é dunha candidatura ou outra; é, como en tempos de Bugallal, salvando as distancias, de botar fóra a esta camarilla".

Logo do intento de Golpe de Estado de Antonio Tejero en 1981 e da esmagadora victoria dos socialistas con Felipe González nas eleccións xerais de 1982, chegaron as municipais de 1983. O PSOE estaba nun grande momento; a chegada ao poder fixera desaparecer dun día para outro a sensación de inseguridade creada polo ambiente golpista anterior. En Ponteareas a Agrupación Socialista, incriblemente controlada ata entón polo falanxista camisa vella, Joaquín Sarmiento, acabou formando unha xestora con xente nova que se propuso cambiar a dinámica municipal. Alí estiven eu, como queda dito, acompañando a Chalo Caballero.

Ao ano seguinte fundamos A Peneira. O goberno de Castro desprezouna dicindo que morrería antes dos 6 meses. Pero o que agora celebramos aquí son os seus 40 anos de vida. Certo que só a teima e a constancia de Guillermo Rodríguez fixeron posible esta supervivencia. Penso que A Peneira é un fillo seu máis, e moi querido. No primeiro número (marzo de 1984) escribín un artigo sobre a proclamación da 2ª República en Ponteareas. A este seguiron bastantes máis en meses e anos sucesivos. Para os historiadores dos tempos futuros A Peneira vai ser un medio imprescindible para o coñecemento e a comprensión da Ponteareas e do Condado durante o seu período de vixencia.

Se cadra os que daquela vivan poderán aínda celebrar, en 2064, outros 40 anos máis do que xa agora é o xornal máis lonxevo da historia de Ponteareas.

*Licenciado en Historia, ex-profesor e escritor



Capital histórica do Condado



CONCELLO DE
SALVATERRA DE MIÑO



Ribeira do Miño
Marisquería
RIBEIRA
Platos típicos gallegos
Mariscadas para llevar




Santa Brígida, 1
28004 MADRID
Tel. 91 521 98 54
Tel. 91 531 33 93
www.marisqueriaribeiradomino.com





Concerto



Sube o prezo



Benefactor

Parabéns para “A Peneira”

Por Francisco Puñal Suárez *

A Peneira, hoxe Foro Apeneira, cumpre 40 anos de traballo a prol da información e da análise na prensa galega. Quero felicitar aos seus editores e en especial ao seu director Guillermo Rodríguez por todos estes anos de duro traballo, defendendo os valores dunha Galicia que merece un presente e un futuro mellor. Quero agradecerche porque foi en Ape- neira, e tamén no teu suplemento do Farelo, onde publiquei as miñas primeiras fotos de rúa e de humor que fixen na

Coruña, hai 20 anos, cando cheguei de Tenerife, onde emi- grara. Cuba, a estas terras. Eu era un “cazador” de imaxes, cando saía no tempo libre a pasear pola rúa e asistir a even- tos, sempre na procura desa imaxe “diferente”, sorprendente, incongruente, que reflectía unha alteración de valores. O meu maior agradecemento a A Peneira por permitirme ex- presarme, publicando as miñas fotos, reflectir un fenómeno, facer sorrir e tamén reflexionar.

*Fotógrafo cubano



Sin casa



Concerto



Mirando e soñando



Último peinado



Longa fila, fotografía participante na XXXII edición de Galicia en Foco, que organiza o Clube de Prensa de Ferrol.

IUS GAL AVOGAD@S

**MÓNICA VELASCO
ROBERTO MERA**

Av. de Galicia, 17-1ºD
Ponteareas

☎ 886 216 945
✉ iusgal@avogacia.org

XERAI

QUE PASA CO GALEGO

O LIBRO NEGRO DA LINGUA GALEGA

Lingua, poder e adolescencia
Miguel Rodríguez Carreira

FÁLAMO SEMPRE

Galego Espanhol ou Galego-Portugués?

Por Nemésio Barxa *

Entre as reivindicações aceites polo PSOE para continuar na gobernabilidade do país figurava o do uso das quatro línguas oficiais do Estado nos Parlamentos espanhol e europeu. Tem toda a lógica e já deveu ser aclarado neste sentido no texto de Constituição espanhola. Lástima que não seja um ato de unanimidade e solidariedade de todo o Estado senão consequência da necessidade para o Psoe de conseguir apoios e da exigência inegociável por parte dos partidos nacionalistas catalães e vascos, apoiados igualmente, com presença minoritária e pírrica, polo partido nacionalista galego (BNG), que aportou um só voto porque não tinha mais e porque o povo galego continua no desprezo a seu idioma, acatando a doutrina colonizadora imposta polos seus governantes, que ele elege (não são menos culpáveis uns que outros); em qualquer caso nosso voto, único, foi necessário e lembra-nos aquele refrão castelã de que “un grano no hace granero pero ayuda al compañero”

O certo é que a possibilidade de emprego, das quatro línguas (uma já gozava de reconhecimento e uso), foi aprovada por maioria no Congresso, provocando reações contrárias, violentas como as de VOX, expressas como as do PP e incluso despectivas, como as do mesmo presidente de Xunta de Galiza, insuficientes para impedir sua efetividade. No marco das forças políticas com representação no Congresso favoráveis á entrada no Parlamento das quatro línguas em plano de igualdade a postura na pratica foi diferente: os representantes de Junts, ERC e PNV expressarem-se nas suas intervenções parte nas suas línguas parte em castelhano, só Bildu e BNG o fizeram totalmente nos seus respetivos idiomas; o porta-voz do Psoe, vasco, iniciou sua intervenção em eusquera e continuou em castelhano. Significa que o BNG rentabilizou seu único voto e deixou claro que ainda que minoritário era consequente e não precisava a muleta do castelhano.

Se o tema no Congresso arece ficar resolvido não ocorre o mesmo no Parlamento Europeu. Sem ter sido rejeitada a proposta para que galego, catalão e eusquera se consideram idiomas de uso no Parlamento, há sócios comunitários que parece não dariam sua aprovação e de momento fica baixo estudo das Comissões competentes. Segundo comentares parece que no desenlace pode levar vantagem Catalunya que utiliza a força de seus votos seja no Estado espanhol seja no Parlamento europeu. Em qualquer caso

as circunstâncias de cada um dos três idiomas periféricos fronte ao seu uso no Parlamento Europeu, incluso no Congresso e Senado espanhóis, são diferentes. Numa editorial da minha responsabilidade de dezembro passado no jornal galego NOS diário já destacava como dos três idiomas afetados o que não oferece problemas no seu uso é o de menor número de falantes, precisamente o vasco, pois em Euskadi há anos que unificarem as diversas variedades existentes e na atualidade existe um idioma padrão (sem prejuízo de particularidades locais).

O outro idioma reconhecido (e em causa na EU) seria o catalão; mas qual deles? Para mi o catalão padrão é o

nacionalistas (exceto a direita espanholista), mentras que no Pais Valencião os representantes são maioritariamente espanholistas e de direitas que podem ridiculizar incluso seu próprio idioma como vimos as desafortunadas e balbuciantes palavras de sua daquela alcaldesa Rita Barberá. Mas a briga penso que fica servida. Também no Parlamento Europeu, se chegasse o momento de admitir o emprego dos outros tres idiomas do Estado espanhol, o mais provável é que no caso do catalão o reconhecido fosse o catalão de Catalunya-

O caso do galego é diferente aos outros dous. No Galego existem dous blocos idiomáticos netamente diferenciados: o normativizado (vulgo, o da Xunta, e com grande aproximação ou incluso dependência do tronco castelhano) e o reintegracionista ou lusista (da troncalidade do galego-portugués); além do comum, o particular de alguns escritores e o da RAG que não o adota nem a Xunta. Pois bem, qual será a modalidade que se vai oficializar no Congresso?, muito me temo que o castelhanizante e oficial da Xunta que será o que falem os congressistas espanholistas elegidos na Galiza, se alguma vez falam em galego, e imos ver que passa com o representante do BNG, único que empregará o galego a cotio, partido que ainda que vê com simpatia e futuro o galego reintegrado não se sacode o uso oficial do normativizado.

E se chegara o caso, que passaria no Parlamento Europeu com o galego? Vejo pouco provável a hipótese de que se admitisse como galego um idioma carente de originalidade. O galego-castelhano, normativizado ou reinventado, resulta um híbrido que se alonga do seu tronco originário que é o galego-portugués para aceitar a tutela do tronco da língua castelhana da que acabará sendo um dialeto. O galego-portugues procede de um tronco comum único, quarto idioma falado no mundo, espalhado por quatro continentes e oficial em varias nações, idioma também oficial na União Europeia, que já foi empregado por anteriores deputados galegos como José Posada e Camilo Nogueira e agora pola representante do BNG, polo tanto nos na EU não temos problemas de idioma o venhem empregando sem problemas nossos representantes os deputados eleitos na Galiza polo BNG. Há poucas semanas nun artigo de opinião de NOS diário já se destacava esta realidade que, estamos certos, acabará por ser normal. Uma vez mais, menos mal que ainda nos fica Portugal.

*Avogado e escritor



Viñeta Tokio

que se fala na Catalunya, que pode ter variedades dialetais no próprio território catalão que em nada afetariam (falo do aranês p.ex.), com graves questões idiomáticas, especialmente com o valenciano, que se aparta do tronco comum, e incluso com o que se fala nas Baleares. Penso que acabará impondo-se o catalão da Catalunya pola sua origem, troncalidade, convencimento e força dos seus falantes, mas um PP iletrado no Pais Valenciã pode tomar como bandeira contra Catalunya o idioma (tema no que a direita tem experiência) sem esquecer os partidos políticos que defendem o valenciano. Não esqueçamos que no Parlamento espanhol Catalunya mantém uma importante representação catalanista, incluso fora dos partidos



IBM ABOGADOS

www.ibmabogados.com

Os XL da “Peneira” como etiqueta da súa talla

Xoán Carlos Caballero

Ao comezo do Paseo Matutino, detrás do concello de Pontearreas, atópase unha casa de pedra en estado decadente, pero que foi quen de soportar o embate do ladrillo que transformou o skyline da vila en algo semellante ao perfil da etapa raíña do Tour de Francia. Alí estaba situada a antiga redacción da Peneira, que tras mudarse a outro lugar, deixou tras de si o seu espírito e enerxía, sen os cales a vella casa tería colapsado hai tempo.

Entre por primeira vez a principios dos noventa. En canto empurrabas o pesado portal de madeira e traspasabas o limiar, observábanse xornais amoreados en feixes, listos para repartir pola comarca. Arriba na redacción, os primeiros procesadores de texto, ruidosas impresoras de papel continuo, libros vellos, periódicos atrasados, bo-

ralleiros cheos e o fume do tabaco, transmitían ese aura de xornalismo cinematográfico, propio das películas americanas, que a todos motivaba porque considerábamos que algo importante estaba a acontecer entre aquelas paredes sustentadas en chans de madeira.

Recordo aquel espazo como un sitio de portas abertas que servía de lugar de reunión para moita xente con inquiredanzas políticas, culturais, sociais e ecolóxicas.

A Peneira daquela, falo en pasado porque foron os noventa os anos que vivín de xeito máis intenso, era moi molesta en determinados sectores da sociedade ponteareán. Todo o que se publicaba eran noticias contrastadas, ante as cales os lectores decátábanse de que Pontearreas era unha finca en mans dun puñado de propietarios. Debido ao seu código deontolóxico intachable, a diferenza de gran parte do xornalismo

fake de hoxe en día, a súa influencia na cidadanía creceu devagar. Foi clave na difusión das corruptelas que provocaron o desgaste dos gobernantes locais, que elección tras elección, observaban perplexos como minguaba o número dos seus concelleiros no salón de plenos.

Non eran poucas as ameazas que se recibían por parte da policía, concelleiros, alcalde, acólitos e cachorros do réxime, que adoitaban poñerse nerviosos cada vez que se daba información que non era do seu agrado.

E como non, o lawfare do que tanto se fala agora, xa o sufriu A Peneira hai máis de trinta anos. O xornal foi denunciado ante os tribunais de xustiza coa intención de amedrentar e silenciar aos seus colaboradores. Xuízos que se gañaban en primeira instancia, pero que logo unha vez recorridos, a sentenza tornábase en condenato-

ria.

Na década dos noventa, A Peneira era a liña da fronte, a trincheira dende a cal parapetarse para responder aos abusos da autoridade local e a todos aqueles que parasitaban o concello. Dende alí procurábase golpear tan forte como se podía ao cacico-fascismo que enchoupaba Pontearreas.

Estas vivencias, nas que tiven a sorte de participar, non terían sido posible sen Guillermo Rodríguez, fundador e director do xornal, que co seu empeño, traballo e esforzo económico, puxo a disposición de moitas persoas, medios que daquela estaban ao alcance de moi poucos. Estareille sempre agradecido por abrireme as portas do seu xornal, que xogou e segue a xogar un papel fundamental para mellorar a calidade democrática do país.

Grazas por todo, Guillermo!

Parabéns ao meu avó Guillermo pola súa carreira xornalística

Andrea Goro


Agora que a Peneira cumpre 40 anos doume conta de que nunca lle preguntei ao meu avó Guillermo como lle deu por empezar esta aventura xornalística. E mira que temos falado de cousas!

Cústame imaxinar que existiu un tempo no que a casa non estaba chea de xornais e o seu despacho abarrotado de papeis, libros, aparellos de gravación de voz e anotacións (feitas cunha caligrafía extremadamente elegante, dito sexa de paso). Isto e máis as horas que pasei de nena a librería de miña avoa, fixeron que desenvolvese certa adición pola celulosa.

El xa era o director cando eu nacín, polo tanto, esa é a única realidade que coñezo e a única que me semella posible. E aínda que sempre quixen moito ao meu avó e sempre nos entendemos ben, non foi ata a miña idade cando me dei conta realmente do importante que era ter un referente así na vida. Tiven a sorte de medrar moi perto dunha persoa apaixonada, comprometida, cun grande sentido do humor, inconformista, soñadora e determinada (ou teimuda, segundo a quen se lle pregunte).

Foi el quen me animou a publicar un dos meus contos na Peneira cando eu só tiña nove anos, alá por 1999. Tamén

Día Internacional da Muller



me deixou acompañalo dunha ilustración. Lembro que me sentín moi feliz e moi realizada ao ver a miña creación naquelas páxinas imponentes, e aínda a día de hoxe lle agradezo ese fermoso xesto, que me levou a escribir outros textos que viñeron despois. Hai uns anos atopei un

recorte daquel pequeno relato e, para a miña decepción, era menos intrigante do que lembraba e do que me gustaría recoñecer aquí. O debuxo tampouco era un prodixio... Pero quizais iso foi o mellor de todo, porque unha das cousas máis importantes que aprendín del (e que sigo aprendendo acotío) é que hai que lanzarse a facer as cousas que nos apetecen e que nos emocionan (aínda que non estean perfectas) ou nunca vai pasar nada extraordinario nas nosas vidas. Hai que probar, aventurarse e aprender para a seguinte, sen esquecer que hai que pasalo ben polo camiño, e tamén deixar as cousas un chisco mellor do que as atopamos.

Corenta anos despois da publicación do primeiro número de A Peneira, o meu avó segue a compartir historias e a dar visibilidade ao traballo dos demais coa paixón do primeiro día; segue lendo e aprendendo sobre o que pasa no mundo, e tamén neste recuncho noso do planeta, para poderlo contar; participa con enerxía na creación de proxectos que, ademais, contribúen á súa

contorna; e por suposto, segue a inspirarnos cada día para botar a andar, nós tamén, as ideas que nos ilusionan e que poden mellorar a sociedade.

Parabéns e grazas, avó Guillermo, pola túa carreira xornalística e por todos os soños que sembras en mín!

“Yo soy muy gallega”

Pedro Souto González *

“Yo soy muy gallega, pero hablo en castellano; aunque a ti, hoy, te voy a hablar en gallego”.

Así comezou, esta mañá, unha conversa entre un locutor da radio galega e unha cidadá que dixo ser de Pontevedra.

Un servidor que naceu, creceu, multiplicouse e aínda non finou neste anaco de Mundo chamado Galicia-za, quedase dunha peza explorando cada recuncho do seu cerebro tratando de atopar un, anque sexa mínimo, resto de razón ou de argumento que poida xustificar esa rotunda afirmación (trocando a sintaxe sen trocar o significado da frase: “Yo hablo castellano, pero soy muy gallega”); pero non o atopa; seguramente, porque o cerebro deste escritor non está dotado da capacidade que se precisa para desentrañar tamaño dilema: ¡¡“Yo soy muy gallega, pero hablo castellano!!”

¡¡É que se pode afirmar ser galega-o de Pontevedra (da boa vila) falando castelán, sen sentir vergonza?? Pois, esta señora parece poder dada a fachenda que rezumaba da súa declaración de principios.

Este feito resultaría anecdótico se fose unha excepción entre o común das nosas xentes, pero non é a excepción, é a regra. A frase: “Yo soy muy gallega-o” é a que respondería unha elevadí...sima porcentaxe das gallegas-os, ás que se lle plantexase a axeitada pregunta; porque neste país nortesquinado cada quen é o “mellor” galego-a do mundo, para o que convén. Se o de exercer do que somos atenta contra o engorde da carteira, entón o mesmo nos acolleemos a outro xentilicio ou, se se dá o caso, mantemos o de galego sen merecelo.

Convidoo: proben a facer unha enquisa entre as persoas do seu arredor cotía que vivan en castelán; e se non responden a mesma frase trocarana por esta outra: “Es que yo como no lo se hablar bien...”. Como se algún idioma do mundo se falase, no ámbito da vida diaria, con nivel académico ou estas persoas falasen o “seu castelán” co devandito nivel.

Como dicía, o exposto resultaría anecdótico se non houbera outros casos e outras causas de máis fondas raíces cuxo resultado produce situacións coma as que pretendo expor, que se non fosen tan serias e trascendentes para o noso ser como gallegos, suxeriríannos unha despreocupada gargallada.

Unha residencia de maiores, da Guarda, fai a publicidade en Portugal, en castelán; un comercio de donos tomiñeses (de To-

miño-Ponevedra) fai a publicidade en castelán; un supermercado de orixe alemán, no mesmo valo publicitario, faina en gallego; outro, de orixe vasca, en radio, no noso idioma. Tamén estes son casos anecdóticos? Non, son a regra no mundo comercial e empresarial desta autonomía histórica. Porque ¿cantos centros comerciais, empresas de toda índole, bancos e... medios de comunicación que obteñen os seus beneficios gracias ó consumo dos seus produtos polas xentes deste país, nos falan e escriben no idioma propio deste Reino fundado polo pobo suevo despois da Gallaecia romana, que foi o primeiro de Europa e que hoxe coñecemos como Galicia-Galiza (Galiza-Galicia)

¡Un xornal que se di o faro de non sei onde, que tenta camelarnos como lectores, pero... coa súa propaganda en castelán!

¡Unha emisora de radio que se fachendea de ser a máis escoitada das Españas,

idioma propio da nosa vella Galicia-za? Está claro que non son conscientes, pero esa inconsciencia non os exime da irresponsabilidade na que incorren.

¿E os profesionais liberais: médicos, avogados,...? E o mundo xudicial galego? E a clerecía? Atopar un notario ou un rexistrador de propiedade neste país que exerzan o seu oficio utilizando a lingua autóctona ¿non sería outro caso anecdótico? Coñezo un notario que si o fai, se se lle pide.

Que dicir dos poderes públicos autonómicos, tamén os estatais (anque en menor medida) que, se non a obstaculizan tampouco a protexen, coidan nin a usan porque non a coñecen nin a queren. Non é posible querer o que non se coñece nin coñecer o que non se quere. Cando o guión político o esixe, con soltar un par de paifocadas como: primaveira, inconvincente, rachar, choiva... quédanse tan... “anchos”. O Sr. Presidente da Xunta de Galicia-za non

probablemente, da súa propia nacemento. Tampouco este caso resulta anecdótico. Escoito, con demasiada frecuencia, a catedráticos universitarios substituír a conxunción copulativa e establecida polas normas da RAG. por un i que foi correcto no pasado; e xa case é pandemia entre as xentes que ó non saber cal é a correcta, limítanse a imitar ás persoas que consideran formadas, pero que no referente ó noso idioma, non saben todo o que deberían polo cargo que ostentan e o exemplo que deberían representar para os que non tivemos posibilidades para alcanzar o grao de catedráticos.

“PROCLAMA a favor dunha humilde e entrañable partícula mergullada nas raíces da realidade vital da lingua.

MANIFESTO DOS CENTO SETENTA en defensa da verdadeira conxunción copulativa: a que nos conforta en “pan e viño”, a que nos diverte en “cóxegas e moxetes”, a que nos orballa en “Laíño e Lestrove”, a que nos compromete en “dereitos e deberes”, a que nos anima en “saudiña e que cante o merlo”, a que nos engaiola en “liberdade e xustiza” e a que nos confraterniza en “galegos e gallegas” (FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA).

Xa os “país” da tan privatizada (neste momento por algúns) Constitución española constitucionalizaron un agravio contra do idioma galego ó dispor, no punto 1 do seu art. 3, sobre o castelán: “... Todos los españoles tienen el deber de conocerla...” Lean, tamén o punto 3 do mesmo art. E para “gloria” dos “país” do Estatuto de Autonomía de Galicia, ó redactalo, estatuíron aquel agravio dispoño: “Artigo 5º. 1. A lingua propia de Galicia é o galego. 2... todos teñen o dereito de a/s coñecer e de as usar”. O deber de a coñecer queda reservado para o castelán (que non o español) e para os intelectuais galegos. Hai, en numerosos medios, tendencia a lle chamar ó castelán español. Non confundir que o castelán sexa español coma todos os demais idiomas do estado, conque o español sexa o idioma de España. ¿Pretenden converter (trocadollelo nome) o castelán en único idioma do “imperio”?

¿Podería ser ese agravio a causa de que cada quen fale e escriba o galego como lle pete ou saiba, sen avergonzarse? É unha pregunta para a reflexión.

O idioma é a alma do pobo (Castelao dixit, no libro “Sempre en Galicia”) e é a obra máis representativa dunha colectividade, dun pobo, por ser a obra construída por todos os seus membros.

¿Qué será Galicia-za se se perde o seu



Perruquería en Tui con nome en inglés

pero que, nin siquiera, cando desconecta de Madrid, é quen de ter uns minutos de sensibilidade cultural-idiomática emitindo no idioma propio da Terra!

A gran maioría dos comunicadores dos medios públicos autonómicos falándonos nun vocabulario tan artificioso coma impostado, proba empírica de que non viven en galego.

¿Son conscientes os responsables do mundo comercial, empresarial, da comunicación..., etc. do nivel de influencia que exercerían sobre o común da cidadanía galega, de xeito especial sobre aqueles que constituímos o sector da mesma ós que dona Emilia Pardo Bazán nos denominou: “os rústicos”, que somos maioría, se exerceran a súa vida comercial, empresarial, bancaria, comunicativa, etc., no

é quen de pronunciar correctamente o son da letra xe e di: “sa chegamos e hai moita sente”. ¡Jordi Pujol estudou catalán cando chegou a presidente da súa autonomía!

Que institucións públicas galegas se preocupan, con resultados positivos tanxibles, da nosa cultura, en xeral; e do noso idioma, en particular?

Un día destes, escoite a un director de colexio de Vigo, de cuxo nome non quero lembrarme por non desprestixiar ó centro: “Os rapaces todavía...” Cando vaia a Vigo buscarei ó ínclito director para que me indique en que dicionario da lingua galega aparece ese vocábulo. Aproveitarei para lle indicar que ese todavía do castelán é un AÍNDA no idioma propio do país onde estudan os alumnos ós que imparte “cátedra”, do lugar no que se ubica o colexio e,

idioma, característica ¿única? ou máis determinante para nos singularizar entre os demais pobos do mundo? ¡¡Que ledicia cando, nun lugar fóra de galiza-cia, contactamos cun paisano porque o escoitamos falar na nosa fala!!

Nos sectores do agro e do mar, onde, se retrocedemos tres ou catro xeracións, todos os galegos temos as nosas raíces, cando un “cajetilla” (mozo urbanita que tentaba “ligar” nestes ámbitos), o facía en castelán porque ignoraba o galego, era rediculizado, axiña, polos mozos lugares. Hoxe, cando a RTVG entrevista a un peixeiro-granxeira... é contestada no “seu castelán peixeiro-granxeiro”. A última: A TVG, ó remate do telexornal da tarde, no “seu galego”, dispénsanos un “postre climatolóxico” na finísima lingua que se fala na españa dentro das Españas. ¡Racional, coherente... non si?

¡¡Ai, se as nosas avoas nos escoitasen ese “castrapeo “tan ilustrado”!!

Formei parte dun grupo de cinco ou seis persoas exercendo un oficio que, para nos comunicar en asuntos do traballo, tiñamos unha xerga. Esa xerga era protexida e reservada con tanto esmero entre os membros dequel reducidísimo grupo porque era o único rasgo que nos facía diferentes dos outros oficios.

¿Aínda non fomos quen de superar a pandemia do virus que nos produce complexo de inferioridade se falamos o noso idioma na vida cotiá? Aquel virus que lles inocularon ós nosos antergos, primeiro os reis católicos, declarados así pola gracia da “sta. igrexa católica, apostólica y romana” e, varios séculos despois, renovada aquela infección polo “dignísimo hijo” da devandita sta. institución, provocando a venda da nosa “alma” tan graciosamente? ¡Esta realidade amosa un papanatismo polo alleo submisivo e desgaleguizante da nosa sociedade que arrepía!

Vivimos tempos nos que o antigo, o vello (agás as persoas vellas) está moi valorado; se a calquera produto se lle atribúe certa antigüidade adquire un incentivo máis na súa valoración. ¿Con qué argumentos poderíamos defender o menosprezo ó que sometemos o noso idioma, algo tan representativo na formación da nosa historia e tan antigo coma ela? ¿Porque non da cartos?

Reflexionar sobre o trato que lle dispensamos ó noso idioma é caer en estado predepresivo; é preguntármonos se aínda un respira sobre a Terra que o viu nacer e desexa que o vexa finar, ou está en Babia.

Alguén escribiu: “As patrias son as linguas”.

Xa Vicente Risco se preguntaba, nunha xuntanza cos seus contemporáneos políticos, “se o galego era un pobo de cabróns”, pola ingratidade que a cidadanía amosaba perante o sacrificio ó que eles se estaban sometendo, ata o punto de arriscar as súas vidas, en aras de redimir a Galicia-za do estado de marxinação ó que estaba sendo sometida.

Respecto para todos os idiomas do Mundo, pero trocar o propio polo alleo por snobismo, interés material ou fraudolenta “modernidade” non parece moi rezoable.

Ben, hipotéticos lectores: Compendiar as incongruencias que a cidadanía galega lle vimos infrinxindo ó noso idioma, ó longo da súa existencia, darían para unha enciclopedia cuxa extensión non nola permitiría o espacio que tan xenerosamente nos dispensa o “bo e xeneroso” director deste noble, e xa cuarentón, xornal nin esta colaboración naceu e creceu con vocación enciclopedista.

Polo que vou rematando, non sen antes solicitar de Vdes., Sres. Lectores, a inmerecida benevolencia, por dúas razóns: Primeiro, pola cuotaparte de responsabilidade que me co-

responde e non eludo, por non coadruar en maior medida a evitar que, no rural, a xeración dos nosos fillos sexa a primeira que utiliza dous idiomas na súa vida cotiá; cos seus maiores, o galego; cos seus fillos e na rúa, o castelán ou o que se lle parece.

Segundo, porque a pesares dos meu interés e esforzo por perfeccionar o meu galego, teño que recoñecer que cheguei tarde a velo nos libros; xa que, como ben coñecen todos os das nosas xeracións; con nós non se gastou unha peseta en ensinárnolo como deberan; xa felices nos sentimos aqueles cuxos mestres non nos prohibían falalo fóra da aula. Esta realidade, non imputable a quen suscribe, xustificaría o recoñecemento dunha atenuante, que agradezo dende xa, pola merecida crítica que, sen dúbida merecen as eivas intelectuais e técnicas das que, sen dú-

bida, adoece este traballo.

Rafael Dieste deixou escrito: “...O galego non necesitaría, pola súa beleza, servir para nada. Abondaríalle coa súa beleza” e engade: Se posible me for, protestaría para que me trouxesen o pintor capaz de retratar a miseria de tanto desleigado que non entende de onde agroman as raíces da súa orixe...”

Mil primaveras máis para o noso idioma, orixe do que hoxe se dá en chamar: a lusofonía.

“O galego que non fala / a lingua da súa terra / Nin sabe que ten de seu / nin é merecente dela”. (Victoriano Taibo - Compostela, abril 1885 / Vigo, marzo 1966).

¡¡Saúdiña... E ... asubíe o merlo!!

**Ex-militar e comentarista*



“A PENEIRA”, aquel xornal que descubríñ no Centro Galego de Barcelona

Xosé Manuel Fernández Montes *

O meu primeiro contacto que tiven co xornal A Peneira foi no Centro Galego de Barcelona, no comezo da década dos 90. Alí, mirando a prensa escrita que había na biblioteca, descubríñ este medio de comunicación, integramente en galego e con contidos interesantes que me chamaron a atención.

O feito dese compromiso coa lingua e coa información de ámbito comarcal, do mesmo xeito que facía e fai o xornal O Sil, sempre me provocaron grande admiración, ata o punto que a día de hoxe sigo sendo seguidor e lector de ámbolos dous medios.

A miña simpatía coa Peneira medrou aínda máis vendo que incluía espazos para o humorismo gráfico, un mundo que sempre me seduciú e que me levou a facer viñetas dende ben pequeno. O caso é que me atrevín a ofrecer

as miñas creacións para un suplemento de humor que incluía unha vez ao mes, coñecido como O Farelo, e aceptáronme como colaborador. Imaxínade o feliz que me fixo aquel momento, e a partir do mesmo a chegada á miña casa do número da Peneira no que saía publicada algunha das miñas viñetas... Aínda gardo algún número con eses debuxos, e con especial aprecio unha publicación do Farelo, en formato libro, que incluía unha escolma de debuxos de diferentes colaboradores entre os que estaba eu. Unha obra colectiva que tivo incluso a oportunidade de estar presente nunha edición do Festival do Cómic de Barcelona.

Anos despois, a partir do 2007, cando collín o camiño do retorno a Galicia e fixei a miña residencia en Santiago, fun collendo máis contacto coa Peneira. Durante uns anos, ademais de facer debuxos para o xornal, estiven tamén facendo de comercial e incluso redactaba algúns

artigos. Quen me diría a min, cando lin por primeira vez A Peneira na biblioteca do Centro Galego...

Anos despois, por diferentes motivos incluído o meu traslado a Monforte de Lemos, perdín esa relación como parte do equipo de traballo do medio e limiteime a seguir participando como colaborador puntual con algún artigo e con viñetas. O que ten turrado o amigo Guillermo por este proxecto xornalístico, por este quincenal que pasará á historia dos medios escritos en Galego pola súa resistencia e compromiso, ten moitísimo mérito. E máis sabendo que esta aventura que naceu en Pontearreas chega aos 40 anos. Ver para crer!

A miña total admiración por seguir peneirando despois de tantos anos e por seguir facéndoo como sempre fixestes: con liberdade, compromiso, amor e humor.

**Avogado, redactor xornalístico e humorista gráfico*

ensaio

Serxio María Rodríguez Álvarez

O PENSAMENTO POLÍTICO DE RAMÓN PIÑEIRO

EDITORIAL GALAXIA

O PENSAMENTO POLÍTICO DE RAMÓN PIÑEIRO

Serxio María Rodríguez Álvarez

EDITORIAL GALAXIA

www.editorialgalaxia.gal

ENTENDER O PENSAMENTO POLÍTICO EN GALICIA

Narciso de Gabriel Fernández, “Os mestres mortos daquel verán”

Ángel Serafín Porto Ucha, e M^a Raquel Vázquez Amil *

O profesor Narciso de Gabriel, catedrático de Teoría e Historia da Educación na Universidade de A Coruña, ofrécenos una nova achega sobre a depuración e execución dos mestres durante a guerra civil co expresivo título “Os mestres mortos daquel verán”. É unha obra de síntese e recoñecemento, tamén de recuperación da memoria, na que o profesor de Gabriel presenta, en dez capítulos, as traxectorias de doce mestres aos que se lles arrebatou a vida do xeito máis cruel. O maxisterio foi un dos obxectivos predilectos do fascismo por varios motivos, como explica o autor: polo mero feito de ser mestres e, polo tanto, persoas influentes e de respecto en comunidades pequenas; por militancia política en organizacións diversas, tanto partidos como sindicatos afíns á Fronte Popular; por “neutralidade” e laicismo; e porque os mestres eran “a luz dos humildes”, expresión que remite a un traballo anterior de Narciso de Gabriel sobre un

dos mestres glosados neste libro, Arximiro Rico, luz dos humildes: vida e morte dun mestre republicano (2002). Os mestres e mestras que protagonizan este libro son María Vázquez Suárez, Rafael Fernández Casas, Jesús Álvaro López Brenlla, Mercedes Romero Abella, Rafael Pardo Carmona e Fernando Barcia Veiras, Manuel Rodríguez Castelao e Xosé Losada Castelao, Arximiro Rico Trabada, Víctor Fraiz Villanueva, Ramón Amadeo Figueroa Vilachá e Francisco Ponzán Vidal. A orde de presentación segue a cronoloxía dos pasamentos, desde o 19 de agosto de 1936, cando María Vázquez Suárez foi asasinada na praia de Bañobre (Miño, A Coruña), ata o 17 de agosto de 1944, cando Francisco Ponzán Vidal, mestre de Camariñas, foi asasinado polos nazis preto da localidade francesa de Toulouse. Estas semblanzas derivan de investigacións previas de Narciso de Gabriel, como a citada sobre Arximiro Rico, a dedicada a Álvarez Blázquez (Xosé María Álvarez Blázquez, mestre republicano: diario escolar e desterro, 2019) ou o moi detallado


estudo sobre a depuración do maxisterio coruñés, Vermellos e laicos: a represión fascista do maxisterio coruñés (2021). Este novo libro presenta, con rigor e delicadeza, as vidas dos que morreron por ensinar aos nenos, por sementar o futuro. Cada capítulo comenza cunha ilustración de Alfonso Rodríguez Castelao, quen na súa moi coñecida lámina “A última lección do mestre”, do álbum Galicia mártir, legou unha imaxe arrepiante sobre os asasinatos de mestres en plena guerra civil. O título do libro remite a unha novela de Carlos Casares, Os mortos daquel verán (1987), na que se investiga o morte dun boticario nos inicios da guerra. A portada é unha fotografía do monumento aos fusilados na guerra civil, erixido fronte ao mar, moi cerca da Torre de Hércules, obra de Isaac Díaz Pardo. Nada neste libro sobra, verbas, fotografías, ilustracións, claman contra a intolerancia. Esta nova obra de Narciso de Gabriel é de inexcusable lectura para todos aqueles e aquelas que creen na educación como remedio contra a violencia e a inxusticia, mensaxe especialmente signifi-

cativo nestes tempos de odio que o mundo está a vivir. Publicado por Editorial Galaxia (Col. Memoria Histórica), 2023, 245 páxinas.

*Profesor emérito da Universidade de Santiago.
*Profesora da Universidade de Soria




Viñetas de HERMANAGER PRODUCCIÓNS



“A pandemia fixonos mellores persoas”



O papel da mocidade en Galicia



40 anos de “A Peneira” 40 anos e máis...

*Eu estaba na peneira
eu estaba peneirando
eu estaba no namoro
eu estaba no namorando
(Cantiga popular recollida en Ponteareas)*

*Tava na peneira, eu tava peneirando
Eu tava no namoro, eu tava namorando
Tava na peneira, eu tava peneirando
Eu tava no namoro, eu tava no namorando
(Letra de Luiz Gonzaga. Brasil)*

Por Santiago Veloso Troncoso *

Vimos ao encontro dos 40 anos do xornal A Peneira que, impulsada polo colega e amigo Guillermo, nacía na vila de Ponteareas, na comarca de O Condado, con vocación de transcender máis alá da xeografía inicial, chegando a acadar unha dimensión galego-portuguesa e de referencia na Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal.



Saudamos pois esa traxectoria que levaría á Peneira dixital e ao que hoxe son as Novas do Eixo Atlántico, xornal galego-portugués da Gallaecia, unha evolución que fomos seguindo con interese desde o ámbito educativo das dúas beiras do Miño tal vez pola profesión de Guillermo e tamén a miña. O nacemento de A Peneira foi un aconte-

cemento na comarca e unha revolución na vila de Ponteareas, gobernada naqueles anos por un personaxe de infausto recordo e con sucesión de mandato hereditario. O clima social e político da comarca de O Condado era de dominio absoluto dun partido político claramente identificado co franquismo, con persoas procedentes del, con cargos da ditadura e con prácticas caciquís que facían que todo estivese controlado e que calquera movemento no ámbito cultural, social ou político fose visto como subversivo e ao que había que neutralizar por calquera medio.

Por iso A Peneira contou xa de saída coa hostilidade do cacique da vila que exercía despoticamente o poder municipal e cos aliados que facían o mesmo nos concellos da comarca. A Peneira sorteaba a represión cunha rede de persoas que colaboraron de forma altruísta na súa redacción, difusión e mesmo distribución. A Peneira deu voz ás comunidades de montes, ás asociacións de veciños e culturais, ao movemento ecoloxista, aos partidos políticos, aos centros educativos... unha xanela de liberdade nun réxime de postditadura que pretendía manter os seus privilexios con métodos mafiosos e escuros.

Lembro perfectamente algunhas tardes e noites “picando textos” naqueles primeiros ordenadores coa pantalla en negro e as letras en verde forforescente cal vagalumes que se estendían polo ciberespazo que aínda non nacera. E a mesa de maquetación onde se compoñían as páxinas unha a unha para facer os “fotolitos” para



a impresión. E alí estaba Guillermo, coordinando, redactando, dialogando cos “adversarios” que presionaban para que non se publicasen certas informacións, sufrindo ameazas, sacándolle horas á noite e... indo á escola a ensinar ao alumnado que agardaba a Don Guillermo.

Cando chegaba o xornal en papel era un fervedoiro na vila e os comentarios ían aparecendo a medida que chegaba aos círculos dos caciques que alertaban das novas que A Peneira ofrecía aos veciños. E axiña viñan as ameazas, as denuncias e mesmo a eliminación física dos números do xornal en determinados lugares. Estamos a falar dos anos 80, duns anos convulsos e nos que comezaba a andar o goberno autonómico. No ano 1983 apróbase a Lei de normalización lingüística que dedica un amplo capítulo ao ensino, declarando o galego “lingua oficial en todos os niveis” e destacando que “os nenos teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna”.

E este dereito foi o que me levou nese mesmo ano a ser un dos centos de profesores “habilitados de galego” que chegamos ás escolas cunha misión fundamental: normalizar a lingua e a cultura galega. O mesmo que comezou facendo A Peneira hai agora 40 anos. E tiveron tamén a oportunidade de coordinar o suplemento A Peneira da escola, con colegas como Consuelo Ucha ou Xabier Prado.

E volto a Ponteareas. Nas aulas dos colexios da vila aínda había crucifixos e altares permanentes adicados á Virxe María. Os

novos profesores sen destino definitivo eramos remisos a traballar nestes centros da vila que transparentaban os modos e as actitudes ditatoriais habituais no concello. Durante estes anos fuxiamos para as escolas das parroquias ou doutros concellos menos hostís á introdución de novas metodoloxías e á normalización lingüística. E foi no curso 92/93 onde coincidín con Guillermo a traballar no colexio de Leirado, de Salvaterra de Miño. Digo a traballar porque a amizade e os traballos para A Peneira xa nos tiñan levado algunhas moitas horas de complicidades varias. E aquí tamén voltamos a vivir outra das experiencias educativas máis emotivas que como profesor tiveron a oportunidade de coordinar. A proposta de realizar un vídeo educativo co alumnado do centro levounos a cruzar o Miño no transbordador de Salvaterra e ir directamente á Escola Preparatoria de Monção para convidar aos colegas portugueses a embarcarse na preparación dunha “película” protagonizada polo alumnado. E así foi como aquel curso construímos un proxecto que se chamou “Os amores que o Miño separa” que se concretaría na gravación na vila de Salvaterra e na parroquia de Leirado dun vídeo que acadaría ata 4 premios en diferentes certames educativos: <https://xnea.eu/OAQOMS>

E aí estaba Guillermo, tendendo pontes cos colegas de Monção, divulgando no xornal todos os traballos realizados, abrindo A Peneira a Portugal e construíndo pontes que abriron novos camiños na comunicación coa outra beira do Miño.

SEÑORÍO DE RUBIÓS
Riás Baixas
DENOMINACIÓN DE ORIXE

Bouza do rato s/n 36449 Rubiós
As Neves, Pontevedra, Galicia, Spain
www.srubios.com
info@srubios Bodegas Señorío de Rubiós
@SrodeRubiós @s_de_rubios

SEÑORÍO DE RUBIÓS

Unha historia, unha terra, un sentimento.
Tintos Señorío de Rubiós e Manuel D'Amaro,
DESCÚBREOS!

E os da banda d'ala son máis estranxeiros que os de Madrí?

Falar de prensa comarcal é, en principio, poñer límites ao ámbito de influencia dun medio de comunicación. Mais a conformación do territorio galego e do norte de Portugal préstase a centrar a atención no que acontece non só nos concellos senón tamén nas comarcas pois os asuntos de proximidade son os que máis interesan á veciñanza. E é aquí onde A Peneira se fixo forte e medrou para o sur, atravesando a “fronteira” política e abrazando aos veciños que beben con ansiedade nas súas páxinas. Da

outra beira do Miño hai tamén xornais apegados á terra que comparten esa proximidade e que virán a ser aliados para compartir informacións e mesmo correspondentes. Por que interesa saber que pasa do outro lado da fronteira? A resposta a esta pregunta puidémola comprobar no acontecido durante a pandemia do COVID-19 no que se produciu unha demanda e unha necesidade de saber cal era a situación da outra beira para os traballadores, para as escolas, para os responsábeis políticos... E isto vén a xustificar a necesidade dunha prensa e duns medios de comunicación



con vocación transfronteiriza que teñan na eurorrexión Galiza-Norte de Portugal os seus referentes informativos e que sexan de interese para os máis de 6 millóns de habitantes. E iso é que fai Novas do Eixo Atlántico, xornal galego-portugués da Gallaecia, a través do xornal dixital que mantén unha ollada actualizada ao acontecer dos concellos e das comarcas da Eurorrexión. Parabéns polo 40 anos de A Peneira e un abrazo a Guillerme Rodríguez, amigo e colega de aventuras na Gallaecia.

* *Coordinador de Ponte...nas ondas!*

Dous reitores compartiron ilusións para transformarem a USC

Por **Xosé González Martínez** *

Cando o reitor da USC, Alejandro Rodríguez Cadarso decidiu modernizar a universidade pensou en poñer en pé o proxecto da Residencia de Estudiantes. Como non había moito diñeiro público para realízalo ocorreuulle a idea de dirixirse aos concellos e pedáneos para recabar os seus apoios. “Un foguete sen botar e cinco minutos de gaitero”, tal foi o lema da súa iniciativa. Cos aforros producidos por tal medida pensaba arrecadar financiación económica para facer realidade aquela custosa obra pública. Aquela idea orixinal, obviamente, non tivo a resposta desexada.

En 1984, cando outro reitor da USC, o profesor Carlos Pajares, tomou posesión do cargo, a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística (AFNLG) solicitoulle audiencia para propoñerlle unha iniciativa, certamente innovadora. No limiar da exposición programática explicámoslle ao señor Reitor que naquela altura Galicia vivía un baleiro institucional que había enchecho con imaxinación e audacia. A Constitución española (1978) e o Estatuto de Autonomía (1981) prevía un amplo desenvolvemento normativo para concederlles aos concellos ámbitos competenciais que tiñan que ver co novo modelo de xestión municipal. Ao tempo, a Universidade, con escasos recursos económicos e un proxecto de modernización presentado polo novo Reitor facían posible unha alianza municipalistas e universitaria.

A nosa proposta consistía en abrir un debate sobre posibles colaboracións entre a USC e os concellos galegos coa celebración dunhas xornadas dirixidas aos rexedores municipais. A iniciativa entusiasmolle ao profesor Carlos Pajares. Tanto, que non tardamos moito tempo en organizar as devanditas xornadas. Constituimos unha comisión da que formamos parte, presidida polo vicerreitor Xoaquín Corbacho, que, ademais, fora alcalde do concello de O Grove. Cúmprase agora corenta anos daqueles encontros.

Un equipo intradisciplinar de relatores escollidos polas súas experiencias noutras latitudes xeográficas do Estado impartiron cadanseu relatorio naquelas xornadas convocadas co rubro “Encontros da USC coas Corporacións Locais”. Lembramos as importantes achegas dos técnicos da modélica Área Metropolitana de Barcelona. O contexto político era propicio para desenvolver accións innovadoras. Porque as corporacións locais carecían de políticas capaces de transformar institucións enferruxadas pola tutela de corenta anos de ditadura, e a universidade galega, necesitada de aires novos para a formación dos novos titulados. Naquel contexto histórico o Estado apenas transferira algunhas competencias á Xunta de Galicia para cumprir coas súas funcións estatutarias.

Pensabamos que os concellos poderían artellar convenios de colaboración coas correspondentes dotacións orzamentarias cos departamentos da USC para orientar fundamentadas políticas sectoriais en materia de medioambiente, ordenación territorial, tratamento dos residuos

sólidos, e reconversión do funcionariado herdado do franquismo con programas formativos. Contemplouse tamén a galeguización das entidades locais. Deste xeito abríamoslle portas aos distintos departamentos da USC para que aplicasen os seus coñecementos científicos na nova realidade constitucional. Propoñiamos unha Universidade menos teórica e máis implicación na transformación do país.

Ao abeiro daquelas xornadas, a AFNLG fixera de ponte entre os concellos e o Instituto da Lingua Galega, dependente da USC, para formalizar un convenio de colaboración. Sumáranse trinta e cinco concellos galegos que coas súas achegas económicas puxeron en pé a Sección de Linguaxe Xurídica e Administrativa. Cada Corporación participante facíao a razón de cinco pesetas polo número de habitantes. Os grandes concellos colaboraron, de aí a importancia do feito reseñado. Naquela altura, tamén a sensibilidade do reitor fixo posible que a proposta de crear un Servizo de Normalización Lingüística se realizase con inmediatez inusitada.

Os reitores Rodríguez Cadarso e Pajares Valiñas quedaron unidos na historia polo entusiasmo das súas iniciativas. Actualmente o reitor don Antonio López Díaz, entusiasta da galeguización e modernización da USC, continúa a estela dos seus predecesores. No municipalismo non atopamos hoxe esa vitalidade transformadora.

* Presidente do Foro E. Peinador.



Precursores da conciencia galega

Xosé González Martínez *

Cando se fala do asociacionismo cultural galeguista en tempos do franquismo hai que reparar obrigatoriamente na Asociación Cultural de Vigo. Unha entidade que foi senlleira nun tempo nas as homónimas – “O Galo”, en Santiago; “Auriense”, en Ourense, “Amigos da Cultura”, en Pontevedra e “O Facho” na Coruña- tiñan unha programación excesivamente culturalista, de baixa intensidade.

No ano 20212 o Consello da Cultura Galega publicou un libro titulado “Un canto e unha luz na noite. Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975). Unha obra coral escrita por unha ampla nómina de colaboradores. Deliberadamente non foron convidados a participaren na reconstrución desa historia algúns protagonistas que vivimos aqueles tempos. Así que o resultado da publicación non foi o que debiera ter sido. Nela os relatores repítense enumerando algunhas xeralidades. Nótaselles os escasos coñecementos dun exemplo excepcional no panorama cultural galego daqueles tempos. A Asociación Cultural de Vigo tivo unha praxe transversal como correspondía á cidade máis importante de Galicia en todos os aspectos da vida política, social e económica. Podemos afirmar que no seu crisol agromaron iniciativas de variado tipo que se dirixían á pluralidade social da cidade. Dicar que o nacionalismo galego naceu naquela lareira socrática é unha evidencia indiscutible. As experiencias ensaiadas no seu local social foron novidosas e dinamizadoras para artellar un discurso galegui-

zador e praxes transformadoras.

A riqueza daquela pluralidade asociativa irradiou na cidade un galeguismo vizoso, salientando a influencia no movemento obreiro, a aportación social máis novidosa, sen dúbida. Por iso podemos afirmar que os conflitos laborais do ano 1972, as súas folgas e mobilizacións obreiras estivesen

“Raíz e Tempo”, emitido semanalmente desde a emisora “La Voz de Vigo”, nunha franxa horaria de moita audiencia, no que se debullaban aspectos da historia de Galicia con acaídos comentarios descoñecidos para a inmensa maioría dos radiouvintes. Aquelas emisións radiofónicas tiveron ao pouco tempo réplicas noutras

e unha variada oferta de produtos para o mercado con prezos que aliviaban a carestía da vida para as economías obreiras. COGALCO foi, ademais, unha escola de formación social na que concorreron distintas correntes políticas contrarias ao réxime cun maxisterio galeguizador.

Outra iniciativa de arriscado compromiso político foi a celebración dun festival musical nun pavillón municipal de deportes coa participación de coñecidos cantautores, de aquí e alén das nosas fronteiras, en decembro de 1970, coincidindo coa celebración do Consello de Guerra de Burgos e o secuestro do cónsul alemán Behil por ETA, que convulsionaron a opinión pública que se aliou contra a ditadura franquista. Lembro a figura do presidente do Centro Portugués da cidade, Eduardo de Sousa Calvet de Magalhaes, colaborando con nosco na organización daquela magna concentración.

Agora que a ciencia demoscópica pode cuantificar os niveis de adhesións á galeguización da cidadanía, traemos a memoria da Asociación Cultural de Vigo porque a sementeira feita por ela naqueles tempos co paso do tempo vai agromando vizosa para seguirmos reconstruíndo a identidade galega. Por iso considerarei impudente que alguén manifestara imprudentemente, no acto de presentación do libro aludido, que os protagonistas daqueles anos non eramos conscientes do alcance do noso labor. Claro que o sabíamos: á Brigada Político-Social vixiábamos decote.

*Presidente do Foro E. Peinador.



tinguidas de ideoloxía nacionalista, cualidade que non tiveron as do Ferrol.

É difícil compendiar nunha colaboración xornalística o inmenso labor desenvolvido pola Asociación Cultural de Vigo. Mais sinalarei tres feitos que ilustran a grandeza daquelas actividades.

En primeiro lugar, o programa radiofónico

emisoras locais do país.

Pero sen dúbida, a actividade máis orixinal de todas foi a creación da primeira cooperativa de consumo de Galicia, “COGALCO”, unha iniciativa moi ben valorada polas clases traballadoras da cidade e contorna. Chegou a ter milleiros de socios e varios centros de distribución de alimentos

Grã Ordem Afonsina

Barroso da Fonte

Foi seu fundador e pretende que seja de âmbito lusófono com o objetivo de liderar a comemoração dos 900 anos de Portugal, a ocorrer em 24 de Junho de 2028.

Desde 1990 tenho vindo a denunciar os erros da cronologia histórica portuguesa, a começar pela vida e obra de Afonso Henriques. É inadmissível que o poder político e científico, em 900 anos, ainda não tenham acertado as datas fundamentais da Portugalidade. Vivemos e agimos em função da tradição e, nalguns casos, em função das conveniências artificiais, como foi a guerrilha entre Guimarães e Viseu, ocorrida em 2009.

A Grã Ordem Afonsina (GOA) nasceu para desmistificar esta confusão. Guimarães, como cidade berço, deve liderar este movimento. E valorizar as datas essenciais, como o nascimento e a morte do fundador da Portuga-

lidade e, conseqüentemente, fundador da Lusofonia.

Em 2007 recuperámos da obscuridade o livro "Aparato Histórico sobre a Santidade de D. Afonso Henriques", escrito e publicado no Vaticano, em versão latina, pelo Padre José Pinto Pereira, no início do século XVIII. Foi uma tese doutoral que a Santa Sé patrocinou como documento confirmativo de dez argumentos científicos que pretendiam provar a santidade de D. Afonso Henriques. Mas nunca chegou ao público porque, entretanto, o nosso rei D. João V cortou relações com a Santa Sé, por o papa Bento XIII na 3ª ter nomeado o cardeal desejado por ele, para representante na nunciatura em Lisboa.

Recentemente, conseguiu-se a tradução para português dessa obra, que foi apresentada no Paço dos Duques de Bragança, em Guimarães, em 24 de Junho de 2014.

A comunidade científica marimbou-se para essa obra que

confirma as datas históricas desde há séculos respeitadas como as mais prováveis. E até hoje as únicas credíveis porque, à falta de provas objetivas, é a tradição que conta. Este intróito pretende concentrar no simbolismo da morte de D. Afonso Henriques a carga mística e lendária da morte de Rei Fundador, ocorrida em 6 de Dezembro de 1185. Esta data e este chão do altar da Portugalidade, cujo coração está centrado no Monteiro da Senhora da Oliveira e no Castelo da Fundação, ligados pela Rua de Santa Maria, simbolizam o epicentro da nacionalidade. E a Grã Afonsina nasceu para aprofundar a essência mátria e o respeito histórico por estes valores sociais e humanos.

(in "Do simbolismo da morte do nosso Rei Fundador, 14", por Barroso da Fonte - página 18, da edição de "O Conquistador", Jornal Regionalista de Guimarães, mensal, de 26 de Janeiro de 2024).

Apertas Galeguistas para A Peneira

Antón Vidal Andión *

Convidame o director da Peneira a colaborar na efeméride do seu 40 aniversario, ó que fago co maior gusto, pois tiven a fortuna de participar dun xeito moi modesto na súa fundación, naquel ano 1984, no que foi fundada, e que moitos de nós tiñamos unhas angueiras comúns naqueles tempos tan ilusionantes de recuperación do autogoberno para Galicia. Daquela comezou a institucionalizarse a autonomía, coa aprobación de leis como a da fixación da sé das institucións de Galicia, de normalización lingüística, consello da cultura galega, e outras máis que foron conformando as nosas institucións.

Agora ben, esta Peneira débeselle ao entusiasmo dunha única persoa: Guillermo Rodríguez, que a sostivo durante todos estes anos.

Tamén é súa a idea fundacional de crear un medio de comunicación para un determinado territorio, marcado pola xeografía e a historia: O Baixo Miño.

Territorio marcado polo Rio Miño, que actúa como unha raia física que dividiu as dúas bandas dende séculos, sendo unha das fronteiras máis antigas e estables de Europa, constituída xa no século XII.

Pero tamén é ben certo que así como non podemos negar a existencia dunha fronteira política, creada polas vicisitudes históricas, non existe por contra unha fronteira paisaxística ou antropolóxica, compartindo unha forma propia de vivir dende a noite dos tempos. O Rio Miño conformou e conforma a vida dos veciños das dúas bandas, xerando unha co-

marcalización natural e popular, entre o Baixo Miño e a ampla rexión portuguesa do Alto Miño.

Si a idea fundacional era cohesionar o Baixo Miño, tamén é certo que a Peneira foi unha avanzada dun tempo novo, como foi a entrada de Portugal e España na Unión Europea, naquel ano de 1986, no que se esvaeceu a raia, pasando a unha relación fluída nas comunicacións. Pensemos que dende aquela construíronse catro pontes que conectan as dúas beiras. Pero a mudanza máis transcendente e importante derivase do sentir raiano, creando un espazo común de convivencia entre as xentes residentes a ambos lados da fronteira, que durante este tempo decidiron vivir xuntos aproveitando as oportunidades económicas, laborais, formativas e outras vantaxes ofrecidas pola realidade da pertenza á UE e a veciñanza histórica.

No eido institucional nestes anos creáronse: O Eixo Atlántico de Noroeste, ano 1992, que é unha asociación de concellos transfronteirizos que promove iniciativas que fomentan o desenvolvemento a través da cooperación transfronteiriza, está integrado por 37 concellos e dúas deputacións galegas.

A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal constituída en setembro de 2008, que abrangue un mercado de sete millóns de persoas e, por tanto, representa un polo de actividade que non pode ignorarse, sendo a primeira eurorrexión da península ibérica e a terceira de Europa.

É necesario citar tamén a creación das Eurociudades, como a de Tui-Valença do


Minho (2012) ou Tomiño-Vianova de Cerveira (2018), xa consolidadas.

Emporiso, convén pensar o modo en que Galicia vai conformar unha agregación de habitantes, actividades económicas e vida en común urbana co norte de Portugal. O debate público debería afrontar o modo en que os dous territorios se poden complementar para promover un efecto multiplicador nas súas economías e sociedades. Xa non é tempo de discutir se ó imos facer, senón como facelo da mellor maneira. Só un apunte máis, recentemente vimos de saber, que no norte de Portugal hai cincocentas empresas de matriz galega e atravesan a fronteira máis de 15.000 traballadores por día.

Emprazo, pois, dende este momento ó Director para que a Peneira siga a ser o medio de debate desta nova realidade, que teño enunciado nestas poucas liñas, para que se poida acadar nos próximos 40 anos unha nova realidade política, que nós devolva a unha nova Gallaecia. Que así sexa.

**Presidente da Editorial Galaxia*

VIÑETAS DE MARTIRENA



Presente, pasado e futuro na Paradanta

Xavier Simón Fernández *

Corenta anos de prensa libre e democrática como principal medio de prensa na comarca da Paradanta, e noutras do país, ben merece unha loubanza. Primeiro persoal, ao home comprometido e honesto, ao meu amigo Guillermo Rodríguez. O seu empeño, a súa teima e o seu ben facer levaron adiante un proxecto de transparencia informativa que nos fixo a todos mellores cidadáns. O segundo, colectivo. Pola aposta que fixeron centos de pequenas empresas e autónomos que anunciaban os seus negocios, mestres e mestras que usaban súa pluma para espallar ideas e reflexións e lectoras e lectoras agardando revisar cada número para saber das nosas comarcas.

Para min este era e é o principal valor de A Peneira, dar información comarcal acompañada de textos de reflexión con perspectiva de país. E facelo en galego, xaora. Para acompañar a Guillermo e a toda a familia de A Peneira neste corenta aniversario, ademais desta mención merecida ao proxecto, quixera dar unha breve reflexión sobre unha desas comarcas. Nacín e vivo no rural da Paradanta, desfruto da súa historia cultural e dos seus valores ambientais, gozo coas súas senlleiras festas e coa súa deliciosa gastronomía, padezo o seu devalar demográfico e os seus incendios forestais, atérrame a ausencia de ser-



Viñeta Tokio

vizos básicos, educativos, sanitarios e de atención aos dependentes, confío na súa cidadanía moza para construímos un futuro diferente, inclusivo e sustentable, magóame a ausencia institucional de memoria histórica para recoñecer ás demasiadas vítimas da barbarie fascista, preocúpanme as sagas políticas caciquís que se eternizan no poder local, aléntanme as ventás de ar fresco que chegan ás nosas localidades, rexeito a industrialización e artificialización dos procesos de produción de alimentos e a consolidación dese modelo no sector do viño, acredito no poder das comunidades locais para contribuír ao fortalecemento das mesmas economías locais, ansío que as nosas montañas continúen a ser fonte de biodiversidade e auga, pulo para construímos un pobo aberto a relacións solidarias, sobre todo coas irmás portuguesas... A Peneira representou e representa todos eses valores para a Paradanta. Agora tócanos aos cidadáns, sobre todo aos mozos e mozas, continuar con esta inmensa tarefa de aprender do pasado para vivir no presente e prepararnos para o futuro, un futuro que vai ser cada máis complicado, social económica e ambientalmente nas terras rurais da Paradanta.

Grazas Guillermo.

*Catedrático da Universidade de Vigo



Reforzo
Escolar

MOTIVACION
TÉCNICAS DE ESTUDIO
PREPARACIÓN DE EXAMES
ORIENTACIÓN EDUCATIVA

Avda de Galicia, 4- 1º PONTEAREAS
Telf: 675 088 316
info@academiatempos.es

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDIOS



70% auga

100%
ríasbaixas

📍 Panxón, Nigrán

Castor José Araujo (Troncoso de Lira) y Alcalde, primeiro director da Escola Normal de Mestres de Pontevedra)

A Guillermo Rodríguez, Director de Foro A Peneira, que anda na procura de datos sobre o topónimo “Lira” e o “Pazo de Lira”, súa terra, no concello de Salvaterra de Miño, para construír a historia desta casa señorial, a partir da Galiza baixomedieval.

Anxo Serafín Porto Ucha e María Raquel Vázquez Ramil

Sen poder determinar até agora as datas de nacemento e morte, Castor José Araújo y Alcalde, de fortes vínculos coa vila do Tea, foi nado en Bouzas no seo dunha familia de linaxe, nunha das súas rúas típicas, “la de los Herreros” (Bugallal y Marchesi, 1958). Era fillo de D. José Antonio Araújo y Troncoso de Lira (1794-1834), escribano de Bouzas e do Val do Fragoso, e de D^a Luisa Jacoba Alcalde y Viéitez de Puga, irmá do primeiro Arcipreste de Tui, D. José Manuel Alcalde, ambos oriúndos de Ponteareas. Unha irmá de Castor, dona Mariana, caso con D. José María, fillo do tamén escribano D. Pedro Lorenzo Bugallal Ramírez, do que nos deu novas Juan Miguel González Fernández (2005).

Trátase dunha familia prolífica, establecida en Bouzas, onde naceron os dez fillos do matrimonio: José Luis Ramón Benito, que chegaría a ser Contador do Tribunal de Contas do Reino e aio do Infante D. Sebastián, irmán do Rei consorte D. Francisco de Asís; Diego Isidoro Ignacio e Manuel Francisco Ramón, sacerdotes; Fernando Mateo, escribano en Bouzas; Rita Rosa, que faleceu solteira; Isidoro Bernardino, escritor e normalista, falecido na Habana, ao que faremos mención máis adiante; Juan Antonio, secretario do concello de Bouzas; Castor José, o noso protagonista, Mariana de Jesús, xa mentada antes, e María de la Merced, que morreu solteira (Bugallal y Marchesi, pp. 9-10). Tal como fixemos relación no Pregón de 2006, estamos no contexto do século XIX, no paso das estruturas do antigo ao novo réxime.

Ao instalarse en Madrid a Escola Normal Central de Mestres en 1839, as provincias comprometíanse a enviar un grupo de alumnos, sostidos a cargo dos correspondentes orzamentos provinciais. De entre os seleccionados pola provincia de Pontevedra, figura Castor Araújo y Alcalde, do que arranca a creación da Escola Normal de Pontevedra.

Castor Araújo finalizou os estudos en 1842 e de volta a Pontevedra solicitou o establecemento dunha Escola Normal, que se instalou no antigo Colexio da Compañía de Xesús, desamortizado dende 1836. A inauguración oficial tivo lugar o 1 de setembro de 1845. Era Xefe Político da provincia (máis tarde Gobernador Civil) Ventura Díaz, que pronunciou o discurso de apertura.

Un aspecto digno de sulñar foi a presenza de alumnos (e tamén dalgún profesor) no Levantamento de 1846, o que demostra que a chamada primeira xeración galeguista que participou no levantamento, contou aquí con seguidores. A maquinaria da depuración na instrución primaria poñíase en marcha máis de cen anos antes. Castor Araújo, como director do Centro, certificou a favor dos implicados. Por un escrito de 8 de decembro de 1847, relacionado coa compra do Dicionario de Madoz, sabemos que Castor Araújo era fillo político de D. Manuel Reguenga, Tenente Coronel de Infantería y Comandante retirado da capital do Lérez. Por un R. D. de 30 de marzo de 1849, asinado por Juan Bravo Murillo, ao mesmo tempo que reorganizaba as escolas normais, creando as de distrito universitario (entre elas, a de Santiago de Compostela), reducía o nú-



mero de 45 a 35. A Coruña e Pontevedra, que participaran naqueles acontecementos, quedaban sen escola normal, até despois da Lei Moyano (1857).

Creado o corpo de inspectores de instrución primaria (1849), Castor Araújo foi nomeado inspector, xunto con seu paisano Joaquín Avendaño, nado tamén en Bouzas. Pero como inspector xeral, tomou o camiño dos territorios de Ultramar, ata Cuba. Alí estaba establecido o seu irmán Isidoro Bernardino Araújo, destacado escritor e xornalista, recoñecido no mundo das letras como Isidoro Araújo de Lira, ao asinar co terceiro apelido de seu pai. Isidoro faleceu en 1861 como consecuencia dun duelo en Marianao co isleño Benjamín Fernández Vallín, que se sentira agraviado por unha colaboración nun xornal de Madrid, da que se responsabilizaba Araújo de Lira.

Entre a correspondencia que, con motivo da traxedia de Marianao, se cruzaron os irmáns Araújo residentes en España e os máis íntimos amigos da vítima, hai unha carta dirixida á dona de Castor Araújo, escrita polo ovetense Miguel Suárez Vigil, que desempeñara a secretaría do Goberno Superior Político de Cuba, na que se fai

referencia a interesantes pormenores relacionados coa morte de Isidoro Araújo de Lira. Na Habana falecería tamén máis tarde o seu irmán Castor José, descendente de ponteareáns, de ideas progresistas, que queda para a historia do magisterio galego como primeiro director da Escola Normal de Pontevedra.

Fontes documentais e bibliográficas:

Bugallal y Marchesi, J. (1958). *Isidoro Araújo de Lira. Vocación y sacrificio de un periodista gallego universal. Conferencia pronunciada no “Liceo Artístico e Instructivo”, de Bouzas, o día 12 de decembro de 1958. Museo de Pontevedra, Foll. Gal. 9-2/1, nº 22.* González Fernández, J. M. (2005). *Notas biográficas del escribano D. Pedro Lorenzo Bugallal Ramírez. Pregón. Revista da Festa do Corpus Christi de Ponteareas, pp. 61-62.* Porto Ucha, A. S. (1994). *A Escola Normal de Pontevedra (1845-1940). Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC.* Porto Ucha, A. S. (2006). *Castor Araújo y Alcalde, primeiro director da Escola Normal de Mestres de Pontevedra (1845-47). Pregón. Revista da Festa do Corpus Christi de Ponteareas, Ano XVI, pp. 57-59.*



WORLD PRESS 2005 - “Censurado” Viñeta de SEX



WORLD PRESS 2009 - Viñeta de SEX

Corenta anos da Peneira e mirando para adiante

Moncho Mariño *

A presenza de medios en galego é unha base fundamental para a supervivencia da nosa lingua. Con todo, a día de hoxe parece case unha aventura arriscada levar adiante medios nunha lingua que cada día perde falantes sobre todo entre a xente nova. Continuar cun labor como é manterse en pé cando as correntes non son favorables é un valor engadido a calquera medio e máis se xa son catro decenios en pé. A continuidade no tempo da Peneira supón un desafío ao actual esvaeceamento que sofre a nosa lingua desde hai tempo mais que acelerou durante as catro últimas décadas, precisamente cando o galego tomou carácter cooficial, se ensina nos centros educativos e conta con medios públicos coa tarefa de dignificalo e normalizar o seu uso. Mais todo iso queda en papel mollado cando miramos ao redor e vemos como o idioma do país queda nun segundo plano. A importancia de medios como 'A Peneira' está no valor

que lle dá ao uso do noso idioma, á súa relevancia como aparatos dignificadores e normalizadores do galego. Porque se hai algo que se demostrou durante e antes destas catro décadas é que o galego é unha lingua que pode transmitir mensaxes máis aló dos contextos onde tradicionalmente o circunscribían. Desta maneira, e a pesar das facilidades que en principio deberíamos gozar a día de hoxe, publicar en galego é un exercicio de risco. As axudas á normalización e uso do idioma son moitas veces irrisorias en comparación co que custa a mantenza dunha cabeceira. As axudas apenas cobren gastos e de aí que a publicidade privada se converta moitas veces no sustento de medios que doutro xeito non poderían existir. O uso da lingua estase a converter en residual e litúrxico, un trámite que para moitos é case unha incomodidade. De aí vén a necesidade de medios como 'A Peneira', medios que lle recorden á sociedade en xeral a posibilidade de lermos e expresármolos no noso idioma sen que sexa unha carga ou un peso engadido.

A creación de contidos informativos en galego tamén demostra a versatilidade da lingua para adaptarse aos novos tempos. Isto non é que se poda ver na evolución da linguaxe e coa aparición de expresións máis contemporáneas, isto vese en que mesmo as diferentes plataformas tecnolóxicas tamén son capaces de mostrar ao mundo que é posible a creación en galego dentro de todos os xéneros, incluído o informativo ou xornalístico. Debemos apoiar e darlle sempre espazo aos medios como 'A Peneira' se queremos ter unha lingua viva e en constante evolución. Por iso, cando dicimos que catro décadas supoñen moitos esforzos, non só queremos falar da edición, maquetación ou distribución (que tamén) senón que tamén falamos da busca de fontes, financiamento e apoios institucionais que sirvan para levar adiante un traballo mellor.

*Xornalista



Viñetas de ATON

Premio “A Curuxa de Humor 2004”

No ano 2004 o Suplemento de Humor “O Farelo” foi galardoado co “ Premio Curuxa de Humor”, do Museo de Fene.



Cau Gómez, Rivera Arroso, Gaioso, Xaquín Marín e Guillermo



Xaquín Marín con Guillermo Rodríguez



Fundación Premios da Crítica de Galicia “Premio de Iniciativas Culturais”



Pola súa longa traxectoria facendo información en lingua galega e por "transcender a función meramente informativa e abranguer outros ámbitos da creación e a difusión cultural", o xurado do Premio da Crítica Galicia 2006 de Iniciativas Culturais, decidiu recoñecer nesta edición, celebrada en Mondariz Balneario, o labor do xornal ponteareán A Peneira.

Na fotografía vemos a outros galardoados: Teresa Moure (Ensaio e Pensamento), Meniños Cantores (Premio da música), Xosé R. Freixeiro Mato (Investigación), Xabier Alcalá (Creación literaria), En pé de Pedra (Ciencias e Artes da Representación), A Peneira (Iniciativas Culturais) e Xosé Manuel Beiras (premio

Premio Centro de Estudios de A Paradanta I Edición. Premio Cumbres do Suído 2008



Premio “Moncho Valcarce 2009” pola promoción da Terra



A Peneira recibiu en 2009 o Premio Moncho Valcarce pola Promoción da Terra. Os Premios Moncho Valcarce homenaxean "aquelas persoas, colectivos ou entidades cunha traxectoria persoal ou colectiva contrastada que teñan destacado na defensa dos máis desfavorecidos, do noso idioma, da nosa cultura ou da nosa identidade"



“A Peneira, 25 anos de xornalismo en galego”

A Asociación Cultural Cultura do País, de Lugo, organizou en 2009 unha actividade que tivo lugar na Galería Sargadelos. No acto interviu Guillermo Rodríguez que falou da traxectoria do xornal dende os seus inicios.



Galardón outorgado a Guillermo Rodríguez pola súa participación na celebración das Letras Galegas no colexio nacional de A Cañiza



Premio “Festa do cabazo” ao pregoeiro Guillermo Rodríguez



Alén Miño: Clube de Opinión e Debate do Condado

Guillermo Rodríguez

Dentro das actividades do Grupo Editorial A PENEIRA creouse, no ano 1993, o clube de opinión Alén Miño, coa intención de dinamizar a vida social e cultural da comarca.

Durante a súa existencia esta organización celebrou moitas actividades entre as que cabe destacar: "Debate sobre termalismo e saúde" en Mondariz Balneario "Debate "Cara onde vai Galicia" en Ponteareas.



Membros do Clube Alén Miño: De esquerda á dereita, Mariana Alfaro de Mondariz, Xosé Abraldes (tesoureiro), Santiago Veloso de Salceda, Xabier Prado (vicepresidente), Guillermo Rodríguez (presidente), Xosé Repesas (secretario), Francisco Chivite de Mondariz Balneario e Secundino Cardoma de Salvaterra no acto de constitución no Sportivo de Ponteareas, en 1993



Francisco García-Bobadilla (Secretaría Xeral para Turismo), Jaime Torres Rey (Consellería de Sanidade), Luis Rodríguez Míguez (Profesor asociado da Universidade de Vigo como moderador), Guillermo Rodríguez (Presidente), Mario Gonçalves Carneiro (director Clínico das Termas de Chaves- Portugal), Antonio Freire Magariños (Director Clínico do balneario de Mondariz-Balneario)



José Luis Barreiro, Carlos Mella, Guillermo Rguez, José Mª Palmeiro, Francisco Hernández e Fernando Acuña, no debate "Cara onde vai Galicia" celebrado no Sportivo de Ponteareas, con máis de 3 asistentes.



Foro A Peneira: Clube de Opinión e Debate do Condado

No Foro A Peneira se organizaron varios debates.

Na conferencia - coloquio " Que pasa con Galicia?" contamos coa presenza de Anxo Quintana, ex-vicepresidente da Xunta de Galicia. No debate sobre as Eleccións europeas participaron José Blanco (PSOE), Diego Lago (Novas Xeracións do PP), César Rguez. Mnez (BNG). Miguel Barros (Compromiso por Galicia) e Juan Manuel Fajardo (ANOVA). Moderou Luis Macías, director do magacine "Vía Directa" de Canal Vía TV





Programa de radio en Tui, 1997



Presentación do libro "Historias de Vida" 1996 Caldas de Reis



Tertulia na televisión local de Pontearreas



Entrega de premios "Relatos curtos" 1992



Guillermo entrevistando a Sancho Gracia con motivo da película "Gallego"



Guillermo no seu penúltimo proxecto: a librería solidaria "Chambo Libris"



Mereces elixir

**como queres mercar, coa calidade,
marcas e atención que buscas.**

GADIS